Iracema

José de Alencar

Tradución de Alberte González Montañés

ATG
asociación de
tradutores
galegos

Iracema

José de Alencar

Tradución de Alberte González Montañés

INTRODUCIÓN

Á terra natal. Un fillo ausente

Prólogo (da 1.ª edición)

Meu amigo:

Este libro vaille, naturalmente, evocar o seu pintoresco lugar da varcia, o doce lar, o que poboa a numerosa prole; a alegría e a esperanza do casal.

Imaxino que é a hora máis ardente da sesta.

O sol en picado dardexa raios de lume sobre as areas natais; as aves enmudecen; as plantas languidecen. A natureza sofre a influencia da poderosa irradiación tropical que produce o diamante e o xenio, as dúas máis sublimes expresións do poder creador.

Os meniños brincan á sombra do outón con pequenos ósos de reses que semellan o gando. Era así como eu brincaba, hai moitos anos, noutro sitio non moi afastado do seu. A dona da casa, tenra e incansable, manda abrir o coco verde ou prepara a saborosa crema de buriti[1] para refrescar o seu esposo, que hai pouco regresou da súa excursión polo lugar e agora repousa abaneándose na branda e cómoda hamaca.

Abra, entón, este libriño que lle chega de xeito imprevisto. Percorra as súas páxinas para desenfastiar o espírito das cousas graves que o teñen atarefado.

Talvez me desvaneza no amor ao niño, ou se frustren as reminiscencias da infancia avivadas recentemente; de non ser así, creo que, ao abrir este pequeno volume, sentirá unha onda do mesmo aroma silvestre e bravío que provén da varcia. Esparéxeo a brisa que roza os estípites da carnaúba[2] e a ramaxe das aroeiras[3] en flor.

Esa onda é a inspiración da patria, que volve a ela, agora e sempre, como volve deseguido o ollar do infante cara á materna faciana que lle sorrí.

O libro é cearense. Foi imaxinado aí, na limpidez dese ceo de cristalino azul, e despois vertido no corazón, cheo dos recordos vivaces dunha virxe imaxinación. Escribino para ser lido alá, na varanda da casa rústica ou na fresca sombra do pomar, ao doce abaneo da hamaca, entre os murmurios do vento que crepita na area ou rebilba nas palmas dos coqueiros.

Para alá, xa que logo, que é o seu berce, o envío.

Mais así mandado por un fillo ausente, para moitos estraño, esquecido talvez dos poucos amigos e só lembrado pola incesante desafección, cal será a sorte do libro?

Que lle falte hospitalidade, non hai que temer. As auras dos nosos campos semellan tan impregnadas desa virtude primitiva que, cantas razas habiten aí, a inspiran como o hálito vital. Receo si que sexa recibido coma estranxeiro e hóspede na terra dos meus.

Porén, se ao chegar ás rexións do Mocoripe[4] fose acollido polo bo cearense, prezado de seus irmáns aínda máis na adversidade do que nos tempos prósperos, estou certo de que o fillo da miña alma achará na terra de seu pai a intimidade e o aconchego da familia.

Os nomes doutros fillos ennobrecen a nosa provincia na política e na ciencia; entre eles o meu, hoxe apagado, cando o traía con brillantez aquel que primeiro o criou. Neste mesmo momento, a espada heroica de moito bravo cearense vai segando no campo da batalla ampla seitura de gloria. Quen non pode ilustrar a terra natal, canta as súas lendas, sen metro, no rudo cantar dos seus antigos fillos.

Acolla, pois, a primeira mostra e ofrézallela aos nosos entregos a quen vai dedicada.

Este pedimento é un dos motivos de lle dirixir o libro; o outro direillo logo de que o teña lido.

Moitas cousas se me ocorren que debería dicir sobre o asunto e que talvez debera anticipar á lectura da obra, para previr a sorpresa dalgúns e responder ás observacións ou reparos doutros, mais sempre fun aveso aos prólogos. Ao meu parecer, eles fanlle á obra o mesmo ca o paxaro á froita antes da colleita; róubanlle as primicias do sabor literario. Por iso, resérvome para o final.

Na última páxina atoparame de novo; daquela conversaremos a gusto, con máis liberdade da que teriamos neste pórtico do libro, onde as etiquetas mandan recibir o público coa gravidade e reverencia debidas a tan alto señor.

Río de Janeiro – Maio de 1865

JOSÉ DE ALENCAR

1

Verdes mares bravíos da miña terra natal, onde canta a xandaia[5] nas frondes da carnaúba; verdes mares que brillades como líquida esmeralda aos raios do sol nacente, costeando as albas praias ensombrecidas de coqueiros; serenade verdes mares e alisade docemente a vaga impetuosa para que o barco aventureiro esvare manso na flor das augas.

Onde vai a afouta xangada, que deixa rápida a costa cearense, aberta ao fresco terral a gran vela?

Onde vai como branco alción buscando o rochedo patrio nas soidades do océano?

Tres seres respiran sobre o fráxil tronco que vai singrando veloz mar a fóra: un mozo guerreiro cuxa pel branca non cora o sangue americano; un meniño e un can que viron a luz no berce boscoso e brincan irmáns, fillos ambos os dous da mesma terra salvaxe.

A raxada intermitente trae da praia un eco vibrante que resoa entre o balbordo das vagas:

—Iracema...![6]

O mozo guerreiro, apoiado no mastro, leva os ollos fixos na sombra fuxitiva da terra; de cando en vez, o ollar embazado por unha tenue lágrima cae sobre o xirau[7] da xangada onde folgan as dúas inocentes criaturas, compañeiras do seu infortunio.

Nese momento o labio arranca da alma un agre sorriso.

Que deixara el na terra do exilio?

Unha historia que me contaran nas lindas varcias onde eu nacín, á calada da noite, cando a lúa paseaba polo ceo arxentando os campos e a brisa ruxitaba[8] nos palmeirais.

Refresca o vento; o arrolo das vagas precipítase. O barco salta sobre as ondas e desaparece no horizonte. Ábrese a inmensidade dos mares e a borrasca enverga, coma o cóndor, as embazadas ás sobre o abismo.

Deus te leve a salvo por entre as vagas revoltas, brioso e altivo barco, e te deixe nalgunha enseada amiga. Sopren para ti as brandas auras, e para ti debuxe a bonanza mares de leite.

Mentres vogas así á discreción do vento, airoso barco, volva ás brancas areas a saudade que te acompaña, mais non se afaste da terra onde revoa.

2

Alén, moito máis alén, daquela serra, que aínda azula no horizonte, naceu Iracema.

Iracema, a virxe dos labios de mel, que tiña os cabelos máis negros cás alas da graúna[9] e máis longos ca o talo da palmeira.

O favo da xati[10] non era tan doce coma o seu sorriso; nin a vainilla recendía no bosque coma o seu hálito perfumado.

Máis rápida cá corza salvaxe, a virxe morena corría polas selvas agrestes e polo mato do Ipu[11], onde campaba a súa tribo guerreira da gran nación tabaxara[12]. O seu pé, grácil e nu, alisaba rozando apenas a verde penuxe que vestía a terra coas primeiras augas.

Un día, na hora da canícula, ela repousaba nun claro da selva. Bañáballe o corpo a sombra da oiticica[13], máis fresca ca o orballo da noite. Os ramos da acacia silvestre esparexían flores sobre os seus húmidos cabelos. Agochados entre a follaxe, os paxaros suavizaban o canto.

Iracema saíu do baño: as pinguiñas da auga rosaban o seu corpo como a mañá de chuvia tinxía a doce mangaba[14]. Mentres repousa, empluma das penas do gará[15] as frechas do seu arco, ao tempo que concerta, co sabiá[16] do mato pousado na póla próxima, o canto agreste.

A graciosa ará[17], a súa compañeira e amiga, brinca xunta ela. Ás veces sobe ás pólas das árbores e desde alí chama á virxe polo seu nome; outras remexe o uru[18] de palla, onde trae a salvaxe os seus perfumes, os albos fíos do crautá[19], as agullas da xuzara[20] coas que tece a renda, e as tinturas coas que tinxe o algodón.

Un rumor sospeitoso quebra a doce harmonía da sesta. A virxe ergue os ollos, que o sol non cegan, e a súa vista pertúrbase.

Diante dela, fitándoa, está un guerreiro estraño; se un guerreiro é e non algún mal espírito da selva. Ten na faciana o branco das areas que ornan o mar; nos ollos, o azul triste das augas profundas. Ignotas armas e tecidos ignotos cóbrenlle o corpo.

Foi rápido, coma o ollar, o xesto de Iracema. A frecha introducida no arco partiu. Pingas de sangue burbullan na face do descoñecido.

De primeiras, a man lixeira cae sobre a cruz da espada, mais logo sorriu. O mozo guerreiro aprendeu na relixión da súa nai, onde a muller é símbolo de tenrura e amor. Sufriu máis pola alma ca pola ferida.

O sentimento que el puxo nos ollos e no rostro, eu descoñézoo. Porén, a virxe tirou o arco e mais a alxaba[21] e correu cara ao guerreiro, sentida da mágoa que lle causara.

A man que rápida ferira, estiñou aínda máis rápida e compasiva o sangue que gotexaba. Despois, Iracema quebrou a frecha homicida, deulle a hasta ao descoñecido e gardou consigo a punta farpada.

O guerreiro falou:

—Quebras comigo a frecha da paz?[22]

—Quen te ensinou, guerreiro branco, a lingua dos meus irmáns? De onde viñeches ata estas terras, que nunca viron outro guerreiro coma ti?

—Veño de ben lonxe, filla da selva. Veño das terras que teus irmáns posuíron e que hoxe as teñen os meus.

—Benvido sexa o estranxeiro ás terras dos tabaxaras, señores das aldeas, e á cabana de Araquén, pai de Iracema.

3

O estranxeiro seguiu a virxe a través da selva.

Cando o sol descendía polo cume dos montes e a rula desataba do fondo do mato os primeiros arrolos, descubriron no val a gran taba[23]; e máis afastada, pendurada no rochedo e á sombra dos altos xuaceiros[24], a choupana do paxé[25].

O ancián fumaba á porta da choupana, sentado nunha esteira de carnaúba, meditando nos sagrados ritos de Tupá[26]. O tenue sopro da brisa carmeaba, coma flocos de algodón, os cumpridos e raros cabelos brancos. De inmóbil que estaba, a vida semellaba perderse nos seus ollos cavernosos e nas súas engurras profundas.

O paxé enxergou os dous vultos que avanzaban; coidou ver a sombra dunha árbore solitaria que viña alongándose polo val.

Cando os viaxeiros entraron na densa penumbra do bosque, daquela o seu ollar, coma o do tigre afeito ás tebras, coñeceu a Iracema e viu que a seguía un mozo guerreiro de estraña raza e de afastadas terras.

As tribos tabaxaras, de alén de Ibiapaba[27], falaban dunha nova raza de guerreiros, albos coma flores de borrasca, e vindos de remotas terras ás marxes do Mearim[28]. O ancián pensou que sería un guerreiro semellante aquel que pisaba os campos nativos.

Tranquilo, esperou.

A virxe sinala para o estranxeiro e di:

—El veu, pai.

—Veu ben. É Tupá que trae o hóspede á choupana de Araquén.

E dicindo isto, o pajé pasoulle a cachimba ao estranxeiro, e ambos os dous entraron na choupana. O mozo sentouse na hamaca principal, suspendida no centro do cuarto.

Iracema acendeu o lume da hospitalidade e trouxo o que había de provisións para satisfacer a fame e a sede: trouxo o resto da caza, a fariña de auga[29], os froitos silvestres, os favos de mel e o viño de caxu[30] e de ananás.

Despois, a virxe entrou coa igazaba[31], que enchera na fonte próxima de auga fresca, para lavar o rostro e as mans do estranxeiro.

Cando o guerreiro rematou a refección, o vello paxé apagou a cachimba e falou:

—Viñeches?[32]

—Vin, respondeu o descoñecido.

—Ben, viñeches. O estranxeiro é señor na choupana de Araquén. Os tabaxaras teñen mil guerreiros para defendelo, e mulleres sen conta para servilo. Di, e todos te obedecerán.

—Paxé, eu agradézoche o agasallo que me deches. Logo de que o sol naza, deixarei a túa choupana e os teus eidos a onde cheguei perdido; mais non debo deixalos sen dicirche quen é o guerreiro ao que fixeches o teu amigo.

—Foi a Tupá a quen o paxé serviu: el tróuxote e el levarate. Araquén nada fixo polo hóspede; non pregunta de onde vén nin cando marcha. Se queres durmir, descendan sobre ti os soños máis alegres; se queres falar, o teu hóspede escoita.

O estranxeiro dixo:

—Eu son dos guerreiros brancos que levantaron a taba nas marxes do Jaguaribe[33], preto do mar, onde habitan os pitiguaras[34], inimigos da túa nación. O meu nome é Martiño, que na túa lingua significa fillo de guerreiro[35]; o meu sangue pertence ao gran pobo que primeiro viu as terras da túa patria. Xa os meus desfeitos compañeiros volveron por mar ás marxes do Paraíba[36], de onde viñeron; e o noso xefe, desamparado dos seus, atravesa agora os vastos sertóns do Apodi[37]. Só eu, de tantos que eramos, fiquei, porque estaba entre os pitiguaras de Acaraú[38], na cabana do bravo Poti, irmán de Xacaúna, que plantou comigo a árbore da amizade. Hai tres soles que partimos de caza, e eu, perdido dos meus, cheguei aos campos dos tabaxaras.

—Foi algún mal espírito da selva[39] que cegou o guerreiro branco na escuridade do mato, respondeu o ancián.

A cauán[40] piou alén, nos lindeiros do val. Caía a noite.

4

O paxé fixo vibrar a maraca e saíu da choupana, porén o estranxeiro non quedou só.

Iracema volvera coas mulleres que foran chamadas para servir o hóspede de Araquén e cos guerreiros que viñeran para obedecerlle.

—Guerreiro branco, dixo a virxe, que o pracer abale a túa hamaca durante a noite, e que o sol traia luz aos teus ollos e alegría á túa alma.

E mentres así dicía, Iracema tiña o labio trémulo e húmida a pálpebra.

—Ti déixasme?, preguntoulle Martiño.

—As máis belas mulleres[41] da gran taba quedan contigo.

—Para elas a filla de Araquén non debera ter traído o hóspede á choupana do paxé.

—Estranxeiro, Iracema non pode ser a túa serva. É ela quen garda o segredo da xurema[42] e o misterio do soño. A súa man fabrica para o paxé a bebida de Tupá.

O guerreiro cristián entrou na choupana e sumiuse nas tebras.

A gran taba erguíase no fondo do val, alumeada polos fachos da alegría. Ruxía a maraca; ao gorgolexo lento do canto salvaxe, batía a danza en trono coa súa ruda cadencia. O paxé, inspirado, conducía o sagrado baile mentres lle contaba ao pobo crente os segredos de Tupá.

O xefe maior da nación tabaxara, Irapuá[43], descendera desde o alto da serra Ibiapaba para conducir as tribos do sertón contra o inimigo pitiguara. Os guerreiros do val festexan a vinda do xefe e mais o próximo combate.

O mozo cristián viu ao lonxe o clarón da festa, pasou de largo e ollou o ceo azul, sen nubes. A estrela morta[44], que naquel momento brillaba sobre a cúpula da selva, guiou o seu paso firme cara ás frescas marxes do Acaraú.

Cando xa traspasara o val e ía penetrar no mato, o vulto de Iracema xurdiu. A virxe seguira o estranxeiro como a brisa sutil que esvara sen rumor por entre a ramaxe.

—Por que, dixo ela, o estranxeiro abandona a choupana acolledora sen levar o presente da volta? Quen lle fixo mal ao guerreiro branco na terra dos tabaxaras?

O cristián sentiu canto era xusta a súa queixa, e achouse ingrato.

—Ninguén lle fixo mal ao teu hóspede, filla de Araquén. É o desexo de ver os meus amigos o que me afasta dos campos dos tabaxaras. Non levo o presente da volta, mais levo na miña alma a lembranza de Iracema.

—Se a lembranza de Iracema estivese na alma do estranxeiro, ela non o deixaría partir. O vento non leva a area da varcia cando a area bebe a auga da chuvia.

A virxe suspirou:

—Guerreiro branco, espera que Caubi volva da caza. O irmán de Iracema ten o oído sutil que localiza a boicininga[45] entre os rumores da selva, e o ollar do oitibó[46] que ve mellor na escuridade. El guiarate ata as marxes do río das garzas.

—Canto tempo pasará antes de que o irmán de Iracema estea de volta na choupana de Araquén?

—O sol que vai nacer traerá o guerreiro Caubí aos campos do Ipu.

—O teu hóspede agardará, filla de Araquén; mais se a chegada do sol non trae o irmán de Iracema, o sol levará o guerreiro branco á taba dos pitiguaras.

Martiño regresou á choupana do paxé.

A branca hamaca que Iracema perfumara coa resina do benxoin[47] gardáballe un sono calmo e doce.

O cristián adormeceu oíndo borboriñar, entre os murmurios da selva, o canto harmonioso da virxe indiana.

5

O galo da campiña[48] ergue a crista escarlata fóra do niño. O seu límpido trilo anuncia a chegada do día.

Aínda a sombra cobre a terra cando xa o pobo salvaxe recolle as hamacas na gran taba e camiña cara ao baño. O vello paxé, que velou a noite toda falándolles ás estrelas e conxurando os malos espíritos das tebras[49], entra furtivamente na choupana.

Velaí retumba o boré[50] por toda a amplitude do val.

Toman as armas os rápidos guerreiros e corren ao campo. Así que estiveron todos na vasta ocara[51] circular, Irapuá, o xefe, ceibou o grito de guerra:

—Tupá outorgoulle á gran nación tabaxara toda esta terra. Nós gardamos as serras, onde manan os regatos, coas frescas veigas onde medran a mandioca e o algodón, e abandonamos ao bárbaro potiguara[52], comedor de camaróns, as areas núas do mar, coas secas gándaras case sen auga e sen vexetación. Agora os pescadores da

praia, sempre vencidos, deixan vir polo mar a raza branca dos guerreiros de fogo, inimigos de Tupá. Os emboabas[53] xa están no Jaguaribe; axiña estarán nas nosas terras, e con eles os potiguaras. Faremos nós, señores das aldeas, coma a pomba, que se encolle no seu niño cando a serpe se enrosca polas gallas da árbore?

O irado xefe brande o tacape[54] e arrebólao no medio do campo. Inclinando a fronte, cobre o rubio ollar:

—Irapuá falou; dixen.

O máis novo dos guerreiros avanza:

—O gabián paira no ar. Cando a nambu[55] levanta o voo, el cae desde as nubes e racha as entrañas da vítima. O guerreiro tabaxara, fillo da serra, é coma o gabián.

Soan e resoan os gritos[56] de guerra.

O mozo guerreiro ergueu o tacape e, pola súa vez, brandiuno. Xirando no ar, rápida e ameazadoramente, a arma do xefe pasou de man en man.

O vello Andira[57], irmán do paxé, deixouno tombar e calcouno, áxil aínda e firme, co pé no chan.

Abraiado queda o pobo tabaxara da acción inusitada. Voto de paz en tan probado e impetuoso guerreiro! É o vello heroe, que medrou na saña ao tempo que medrou nos anos, é o feroz Andira quen derrubou o tacape, nuncio da próxima loita?

Incertos e mudos, todos escoitan:

—Andira, o vello Andira, bebeu máis sangue na guerra do que beberon cauín[58] nas festas de Tupá todos cantos guerreiros aluma agora a luz dos seus ollos. El viu máis combates na súa vida ca lúas lle espiron a fronte. Cantos cranios de potiguara escachou a súa man implacable? E o vello Andira nunca temeu que o inimigo pisase a terra de seus pais, mais alegrábase cando viña e sentía, co cheiro da guerra, renacer a xuventude no seu corpo decrépito, coma a árbore seca renace co sopro da primavera. A nación tabaxara é prudente. Ela debe deitar o tacape da loita para tanxer o membi[59] da festa. Celebra, Irapuá, a vinda dos emboabas e deixa que cheguen todos aos nosos campos. Daquela Andira che promete o banquete da vitoria.

Entón, Irapuá desatou a súa inmensa cólera:

—Fica ti agachado entre as igazabas de viño; fica, vello morcego, porque temes a luz do día e só bebes sangue da vítima que dorme. Irapuá leva a guerra na empuñadura do seu tacape. O terror que el inspira voa co rouco son do boré. O potiguara xa está a tremer oíndoo ruxir na serra con máis forza ca o estrondo do mar.

6

Martiño vai paseniñamente por entre os altos xuaceiros que cercan a choupana do paxé. Era o tempo no que o doce aracati[60] chega do mar e espalla a súa deliciosa frescura polo árido sertón. A planta respira; un doce arrepío ouriza a verde cabeleira da selva.

O cristián contempla o ocaso do sol. A sombra, que descende dos montes e cobre o val, penetra na súa alma. Lémbrase do lugar no que naceu, dos seres queridos que alá deixou. Sabe acaso se volverá velos algún día?

Ao seu redor, carpe a natureza polo día que expira. Salouca a onda trémula e lacrimosa; xeme a brisa na follaxe; o mesmo silencio suspira de aflición.

Iracema parouse en fronte do mozo guerreiro:

—É a presenza de Iracema a que perturba a serenidade no rostro do estranxeiro?

Martiño pousou os ollos tenros na face da virxe:

—Non, filla de Araquén. A túa presenza alégrame, coma a luz da mañá. Foi a lembranza da patria a que trouxo a soidade ao corazón morriñento.

—Unha noiva agárdate?

O forasteiro desviou os ollos. Iracema dobrou a cabeza sobre o ombro, como a tenra palma da carnaúba cando a chuvia peneira na varcia.

—Ela non é máis doce ca Iracema, a virxe dos labios de mel, nin máis fermosa!, murmurou o estranxeiro.

—A flor do mato é fermosa cando ten ramas que a abriguen e tronco onde enredarse. Iracema non vive na alma de ningún guerreiro; nunca sentiu a frescura do seu sorriso.

Ambos enmudeceron, cos ollos fixos no chan, escoitando as palpitacións dos seus peitos que batían oprimidos.

A virxe falou por fin:

—A alegría volverá axiña á alma do guerreiro branco, porque Iracema quere que el vexa antes da noite a noiva que o agarda.

Martiño sorriu polo inxenuo desexo da filla do paxé.

Ven!, dixo a virxe.

Atravesaron o bosque e baixaron ao val. Onde morría a faldra do outeiro, o arboredo era basto. Unha densa bóveda de follaxe verde escura cubría o arcano agreste, lugar recóndito reservado aos misterios do rito bárbaro.

Era o bosque sagrado da xurema. No seu interior medraban vizosos os troncos rugosos da árbore de Tupá; das súas pólas penduraban, ocultos pola follaxe escura, os vasos do sacrificio. Cubrían o chan as cinzas do extinto fogo que servira para a festa da última lúa.

Antes de penetrar ao recóndito lugar, a virxe, que levaba ao guerreiro da man, dubidou, inclinando o oído sutil aos suspiros da brisa. Todos os lixeiros rumores do mato tiñan unha voz para a salvaxe filla do sertón. Nada había, porén, de sospeitoso no intenso repouso da selva.

Iracema fíxolle ao estranxeiro un aceno de espera e de silencio, e despois desapareceu no máis sombrío do bosque. O sol aínda permanecía suspenso no viso da serra, e xa a noite profunda comezaba a encher aquela soidade.

Cando a virxe regresou, traía nunha folla unhas pingas dun verde e estraño licor sacadas da igazaba que ela procurara no seo da terra. Amosoulle ao guerreiro a rústica cunca.

—Bebe!

Martiño sentiu enredar nos seus ollos o sono da morte. Porén, axiña a luz lle anegou os interiores da alma; a forza encheu o seu corazón. Reviviu os días pasados mellor do que os vivira: fixo realidade as súas máis fermosas esperanzas.

Velaí que volve á súa terra natal, abraza a súa vella nai, revive máis fermoso e tenro o anxo puro dos seus amores infantís.

Mais, por que, non ben de regreso ao berce da patria, o mozo guerreiro de novo abandona o seo paterno e regresa ao sertón?

Xa atravesa os bosques, xa chega aos campos do Ipu. Busca na selva a filla do paxé. Segue o rastro lixeiro da arisca virxe, ceibando á brisa con suspiros quebrados o doce nome:

—Iracema!, Iracema...!

Xa a alcanza e cínguelle o brazo polo talle esvelto.

Cedendo á engaioladora presión, a virxe reclínase no peito do guerreiro e fica alí, trémula e palpitante, como a tímida perdiz cando o tenro compañeiro lle encrespa co bico a suave plumaxe.

Os labios do guerreiro suspiran unha vez máis o seu doce nome e salouca, coma se suplicara outro labio amante. Iracema sente que a súa alma se lle escapa para embeberse no ósculo ardente e xa a fronte reclina e a flor do seu sorriso desabrocha para se deixar coller.

De súpeto, a virxe tremeu; soltándose rápida do brazo que a cinguía, colleu o arco.

7

Iracema pasou entre as árbores silenciosa coma unha sombra. O seu ollar escintilante penetraba entre as follas cal se fose frouxa raiola de estrelas. Escoitaba o silencio profundo da noite e aspiraba as auras sutís que aflaban[61].

Parou. Unha sombra esvaraba entre as ramas e nas follas crepitaba un paso lixeiro, se non era o roer dalgún insecto. Pouco e pouco o tenue rumor foi medrando e a sombra aumentou. Era un guerreiro. Dun chimpo a virxe estaba fronte a el, trémula de susto e mais de cólera.

—Iracema!, exclamou o guerreiro recuando.

– Añangá[62] turbou, sen dúbida, o sono de Irapuá e tróuxoo perdido ao bosque da xurema, onde ningún guerreiro penetra sen o permiso de Araquén.

– Non foi Añangá senón a lembranza de Iracema o que turbou o sono do primeiro guerreiro tabaxara. Irapuá descendeu do seu niño de aguia para seguir pola varcia a garza do río. Chegou, e Iracema fuxiu dos seus ollos. As voces da taba contáronlle ao oído do xefe que un estranxeiro viñera á choupana de Araquén.

A virxe estremeceuse. O guerreiro cravou nela o seu ollar abrasador:

—O corazón, aquí no peito de Irapuá, volveuse tigre; pulou de rabia. Veu rastrexando á présa. O estranxeiro está no bosque, e Iracema acompañábao. Quero beberlle o sangue todo. Cando o sangue do guerreiro branco corra polas veas do xefe tabaxara, talvez o ame a filla de Araquén.

A negra pupila da virxe escintilou na escuridade e dos seus labios abrollou, coma pingas do leite cáustico da euforbia[63], un sorriso de desprezo:

—Nunca Iracema lle daría o seu corazón, que o espírito de Tupá habita só, ao guerreiro máis vil dos guerreiros tabaxaras! Torpe é o morcego porque foxe da luz e bebe o sangue da vítima adormecida...!

—Filla de Araquén, non asaña o xaguar! O nome de Irapuá voa máis lonxe ca o goaná[64] do lago cando sente a chuvia alén das serras. Que o guerreiro branco veña e que o seo de Iracema se abra para o vencedor.

—O guerreiro branco é hóspede de Araquem. A paz tróuxoo aos campos do Ipu e a paz gárdao. Quen ofenda o estranxeiro, ofende o paxé.

Ruxiu de saña o xefe tabaxara:

—A rabia de Irapuá só oe, agora, o grito da vinganza. O estranxeiro morrerá.

—A filla de Araquén é máis forte ca o xefe dos guerreiros, dixo Iracema collendo a inubia[65]. Ela ten aquí a voz de Tupá, que chama ao seu pobo.

—Pero ela non chamará!, respondeu o xefe mofándose dela.

—Non, porque Irapuá vai ser castigado pola man de Iracema. O seu primeiro paso será o paso da morte.

A virxe retraeu dun salto o avance que tomara e tensou o arco. O xefe pechou aínda o puño sobre o formidable tacape, mais por primeira vez sentiu que lle pesaba ao seu robusto brazo. O golpe que debía ferir a Iracema, aínda non alzado, xa lle traspasaba

a el o corazón. Coñeceu como, por moi varón forte que un sexa, é vencida a súa fortaleza polas grandes paixóns.

—O abeiro de Iracema non esconderá sempre o estranxeiro da vinganza de Irapuá. Vil é o guerreiro que se deixa protexer por unha muller.

Dicindo estas palabras, o xefe desapareceu entre as árbores. A virxe, sempre alerta, volveu onda o cristián adormecido e velou o resto da noite ao seu lado. As emocións recentes, que axitaran a súa alma, abrírana aínda máis ao doce cariño que os ollos do estranxeiro ían filtrando nela.

Desexaba protexelo contra todo perigo, recollelo en si coma nun asilo impenetrable. Acompañando o pensamento, os seus brazos cinguían a cabeza do guerreiro e apertábana contra o seu seo. Mais cando pasou a alegría de velo a salvo dos perigos da noite, entroulle a máis viva inquietude ao pensar nos novos perigos que ían xurdir.

—O amor de Iracema é coma o vento dos areais, mata a flor das árbores, suspirou a virxe. E afastouse lentamente.

8

A alborada abriu o día e mais os ollos do guerreiro branco. A luz da mañá disipou os soños da noite e arrincou da súa alma a lembranza do que soñara. Quedou apenas un vago sentir, como queda na bouza o perfume do cacto que o vento da serra esfollou na madrugada.

Non sabía onde estaba.

Á saída do bosque sagrado atopou a Iracema. A virxe estaba recostada nun tronco áspero do arboredo; tiña os ollos fixos no chan; o sangue fuxira da súa faciana; o corazón tremíalle nos labios, coma pinga de orballo nas follas do bambú.

Non tiña sorrisos nin cores a virxe indiana; non ten abrochos nin rosas a acacia que o sol queimou; non ten azul nin estrelas a noite que enloitan os ventos.

—As flores do mato xa se abriron aos raios do sol; as aves xa cantaron, dixo o guerreiro. Por que só Iracema inclina a fronte e enmudece?

A filla do paxé estremeceuse. Así se estremece a verde palma cando a fráxil vara é abalada, gotexan cristalinas as lágrimas da chuvia e os abanos rumorean brandamente.

—O guerreiro Caubi chegará á taba dos seus irmáns. O estranxeiro poderá partir co sol que está nacendo.

—Iracema quere ver o estranxeiro fóra dos eidos dos tabaxaras; daquela a alegría volverá ao seu corazón.

—A xuruti[66], cando a árbore seca, abandona o niño onde naceu. Nunca máis a alegría volverá ao corazón de Iracema. Ela ficará, coma o tronco nu, sen ramas nin sombras.

Martiño amparou o corpo trémulo da virxe. Ela reclinouse, lánguida, sobre o peito do guerreiro, coma o tenro pámpano da vainilla que se enlaza na rexa póla do anxico[67].

O mozo murmurou:

—O teu hóspede queda, virxe dos ollos negros. El queda para ver abrirse na túa face a flor da alegría e para apañar, coma a abella, o mel dos teus labios.

Iracema soltouse dos brazos do mozo e ollouno con tristeza:

—Guerreiro branco, Iracema é a filla do paxé, e garda o segredo da xurema. O guerreiro que posuíse a virxe de Tupá morrería.

—E Iracema?

—Coma ti, morrería...!

Estas palabras foron coma o sopro da tormenta. A cabeza do mozo dobrouse e pendeu sobre o peito, mais logo se ergueu.

—Os guerreiros do meu sangue traen a morte consigo, filla dos tabaxaras. Non a temen para si, non a esquivan para o inimigo. Mais nunca fóra do combate eles deixarán aberto o camucín[68] da virxe na taba do seu hóspede. A verdade falou pola boca de Iracema. O estranxeiro debe abandonar os campos dos tabaxaras.

—Debe, respondeu a virxe coma un eco.

Despois, a súa voz suspirou:

—O mel dos labios de Iracema é coma o favo que a abella fabrica no tronco da guabiroba[69]: ten na dozura o veleno. A virxe dos ollos azuis e dos cabelos do sol[70] garda para o seu guerreiro na taba dos brancos o mel da azucena.

Martiño afastouse con rapidez e regresou, mais lentamente. A palabra tremía nos seus labios:

—O estranxeiro partirá para que o sosego volva ao corazón da virxe.

—Ti levas a luz dos ollos de Iracema e mais a flor da súa alma.

Retumba lonxe na selva un clamor estraño. Os ollos do mozo escudriñan na distancia.

—É o grito de alegría do guerreiro Caubi, dixo a virxe. O irmán de Iracema anuncia a súa boa chegada aos campos dos tabaxaras.

—Filla de Araquén, guía o teu hospede á cabana. É tempo de partir.

Camiñaron a un tempo, como dous cervos novos que ao solpor atravesan os campos cara á súa gorida de onde a brisa lles trae un cheiro sospeitoso.

Cando pasaban entre os xuaceiros, albiscaron ao lonxe o guerreiro Caubi, inclinando os ombros robustos polo peso da caza. Iracema camiñou cara a el.

O estranxeiro entrou só na choupana.

9

O sono da mañá pousábase nos ollos do paxé como as néboas de bonanza pairan, ao romper o día, sobre as profundas cavernas da montaña.

Martiño detívose indeciso, pero o rumor do seu paso penetrou no oído do ancián e abalou o seu corpo decrépito.

—Araquén dorme!, murmurou o guerreiro retomando o paso.

—O paxé dorme porque xa Tupá volveu o rostro cara á terra e a luz escorrentou os malos espíritos das tebras. Mais o sono é leve nos ollos de Araquén, coma o fume do sapé[71] no curuto da serra. Se o estranxeiro veu para falar co paxé, o seu oído escoita.

—O estranxeiro veu para te anunciar que parte.

—O hóspede é o señor na choupana de Araquén; todos os camiños están abertos para el. Que Tupá o leve á taba dos seus.

Chegaron Caubi e Iracema:

—Caubi regresou, dixo o guerreiro tabaxara. Trae para Araquén o mellor da súa caza.

—O guerreiro Caubi é un gran cazador de montes e selvas. Os ollos do seu pai alégranse de velo.

O vello abriu as pálpebras e logo volveu pechalas:

—Filla de Araquén, escolle para o teu hóspede o presente da volta e prepara o moquén[72] da viaxe. Se o estranxeiro precisa de guía, o guerreiro Caubi, señor do camiño[73], acompañarao.

O sono volveu aos ollos do paxé.

Mentres Caubi penduraba no fumeiro as pezas de caza, Iracema colleu a súa branca hamaca de algodón con franxas de plumas e acomodouna dentro do uru de palla trenzada.

Martiño agardaba na porta da choupana. A virxe foi onda el:

—Guerreiro que levas o sono dos meus ollos, leva a miña hamaca tamén. Cando durmas nela, falarán na túa alma os soños de Iracema.

—A túa hamaca, virxe dos tabaxaras, será a miña compañeira no deserto. Sexa benvido o vento frío da noite, porque ela gardará para o estranxeiro a calor e o perfume do corpo de Iracema.

Caubi saíu para ir á súa cabana, que aínda non a vira desde a súa volta. Iracema foi preparar o moquén da viaxe. Quedaron sós na choupana o paxé, que roncaba, e o mozo, coa súa tristeza.

O sol, cruzando os montes, xa comezaba a declinar cara a occidente cando o irmán de Iracema tornou da gran taba.

—O día vai quedar triste[74], dixo Caubi. A sombra camiña para a noite. É tempo de partir.

A virxe pousou a man leve no puño da hamaca de Araquén.

—El marcha!, murmuraron os labios trémulos.

O paxé levantouse en pé no medio da choupana e acendeu a cachimba. El e mais o mozo trocaron a fumada de despedida.

—Boa marcha teña o hóspede, como boa vinda tivo á choupana de Araquén.

O vello andou ata a porta para ceibar ao vento unha espesa bafarada de tabaco; cando o fume se disipou no ar, el murmurou:

—Que Xurupari[75] se esconda para deixar pasar ao hóspede do paxé.

Araquén volveu á hamaca e durmiu de novo. O mozo tomou as súas armas máis pesadas que, en chegando, pendurara das varas da choupana, e dispúxose para partir.

Adiante avanzou Caubi; a algunha distancia, o estranxeiro; logo, atrás, Iracema.

Descenderon o outeiro e entraron no mato sombrío. O sabiá do sertón, harmonioso cantor da tarde, agachado entre as ubaias[76] soltaba xa os preludios do seu suave pranto.

A virxe suspirou:

—A tarde é a tristeza do sol. Os días de Iracema van ser longas tardes sen mañás, ata que veña para ela a gran noite.

O mozo virouse. Os seus labios enmudeceron, mais os ollos falaron. Unha bágoa escorregou pola faciana guerreira, coma as humidades que durante os ardores do estío exsudan das ladeiras dos rochedos.

Caubi, avanzando sempre, sumirase entre a densa ramaxe.

O seo da filla de Araquén arfou, coma o crista da onda que se enfeita de escuma, e saloucou. Non obstante, a súa alma, negra de tristura, tivo aínda un pálido reflexo para iluminar a seca flor da faciana; así na noite escura vén un fogo fatuo a lucir as brancas areas das gándaras.

—Estranxeiro, toma o último sorriso de Iracema... e fuxe!

A boca do guerreiro pousouse na boca agarimosa da virxe. Quedaron ambos así unidos coma dous froitos xemelgos do arazá[77] que saíron do seo da mesma flor.

A voz de Caubi chamou polo estranxeiro. Iracema abrazouse, para non caer, ao tronco dunha palmeira.

10

Na choupana silenciosa, medita o vello paxé.

Iracema está apoiada no tronco rudo que serve de esteo. Os grandes ollos negros, fixos nos recortes da selva e desolados polo pranto, semella que están, con aqueles ollares longos e trémulos, enfiando e esfiando o sarillo das bágoas que bañan a faciana.

A ará, pousada no estrado fronteiro, alonga os verdes e tristes ollos cara á súa fermosa señora. Desde que o guerreiro branco pisou a terra dos tabaxaras, Iracema esqueceuna. Os rosáceos labios da virxe non se abriron máis para que ela collese entre eles a polpa da froita ou a papa do millo verde; nin a doce man a afagou nin unha soa vez, alisando a plumaxe dourada da cabeza.

Se repetía o lene nome da señora, o sorriso de Iracema xa non se volvía cara a ela, nin o oído parecía escoitar a voz da compañeira e amiga, que antes tan suave lle era ao seu corazón.

Triste dela! A xente tupí chamáballe xandaia[78] porque, sempre alegre, facía estremecer os campos co seu canto apaixonado. Pero agora, triste e muda, desdeñada pola súa señora, xa non parecía a linda xandaia senón o feo urutau[79] que soamente sabe xemer.

O sol remontou o avesío das serras; os seus raios douraban unicamente os cumios das alturas. A sordina melancólica da tarde, que precede ao silencio da noite, comezaba a velar os frecuentes rumores do campo. Unha ave nocturna, se cadra enganada coas sombras máis espesas do bosque, lanzou o seu son estridente.

O vello ergueu a fronte calva:

—Foi o canto da iñuma[80] o que sentiu o oído de Araquén?, dixo admirado.

A virxe estremeceuse e, xa fóra da choupana, volveuse para responder a pregunta do paxé:

—É o grito de guerra do guerreiro Caubi!

Cando o segundo chío da iñuma resoou, Iracema xa corría polo mato, coma a corza perseguida polo cazador. Só respirou cando chegou á campiña, que recortaba o bosque como un gran lago.

A quen viron primeiro os seus ollos foi a Martiño, que estaba tranquilamente sentado nunha sapopema[81] ollando o que alí pasaba. En fronte del, cen guerreiros tabaxaras, con Irapuá á fronte, formaban un arco. O bravo Caubi encarábaos a todos, coa mirada chea de ira e as armas valentes empuñadas na robusta man.

O xefe esixíralle a entrega do estranxeiro, e o guía simplemente respondera:

—Matade a Caubi antes.

A filla do paxé pasara coma unha frecha. Velaí está diante de Martiño, opoñendo tamén o seu corpo xentil aos golpes dos guerreiros. Irapuá soltou o bramido do xaguar atacado na cova.

—Filla do paxé, díxolle Caubi en voz baixa, leva o estranxeiro á choupana; só Araquén pode salvalo.

Iracema virouse para o guerreiro branco:

—Ven!

El quedou inmóbil.

—Se ti no vés, díxolle a virxe, Iracema morrerá contigo.

Martiño ergueuse, pero no canto de dirixirse á virxe, camiñou dereito cara a Irapuá. A súa espada flamexou no ar.

—Os guerreiros do meu sangue, xefe, xamais recusaron o combate. Se este que ti ves non foi o primeiro en provocalo, é porque os seus pais lle aprenderon a non derramar sangue na terra hospitalaria.

O xefe tabaxara ruxiu de alegría. A súa vigorosa man brandiu o tacape. Pero os dous campións apenas tiveron tempo de se mediren cos ollos; cando fendían o primeiro golpe, xa Caubi e mais Iracema se puxeran entre eles.

A filla de Araquén en balde rogaba ao cristián; en balde apertábao cos seus brazos buscando arrincalo do combate. Do seu lado, en van Caubi provocaba a Irapuá para atraer para si a rabia do xefe.

A un aceno de Irapuá, os guerreiros afastaron os dous irmáns e o combate proseguiu. De súpeto, o rouco son da inubia[82] voou pola selva. Os fillos da serra estremecéronse ao recoñecer o son do bucio guerreiro dos pitiguaras, señores das praias ensombrecidas de coqueiros. O eco proviña da gran taba, que o inimigo talvez estaba xa asaltando.

Os guerreiros precipitáronse, levando por diante ao xefe. Co estranxeiro só quedou a filla de Araquén.

11

Os guerreiros tabaxaras, que acudiran á taba, agardaban polo inimigo diante da estacada. Ao non vir, saíron a buscalo.

Bateron as matas do arredor e percorreron os campos. Non atoparon vestixio ningún do paso dos pitiguaras; non obstante, o coñecido rumor do bucio das praias retumbara nos oídos dos guerreiros da montaña. Non había dúbida ningunha.

Sospeitou Irapuá que fose unha artimaña da filla de Araquén para salvar o estranxeiro, e camiñou dereito á choupana do paxé. Como trota o guará[83] polas beiras do bosque cando vai seguindo o rastro da presa fuxidía, así alixeiraba o paso o sañudo guerreiro.

Araquén viu entrar na súa choupana ao gran xefe da nación tabaxara e non se moveu. Sentado na hamaca, coas pernas cruzadas, escoitaba a Iracema. A virxe referíalle os sucesos da tarde; ao avistar a figura sinistra de Irapuá, saltou sobre o arco e púxose no flanco do mozo guerreiro branco.

Martiño afastouna docemente del, e adiantouse. A protección que lle daba a el, guerreiro, a virxe tabaxara desgustábao.

—Araquén, a vinganza dos tabaxaras agarda polo guerreiro branco. Irapuá veu buscalo.

—O hóspede é amigo de Tupá; quen ofenda o estranxeiro oirá ruxir o trono.

—O estranxeiro foi quen ofendeu a Tupá roubándolle a súa virxe, que garda os soños da xurema.

—A túa boca mente coma o ronquido da xiboia[84]!, exclamou Iracema.

Martiño dixo:

—Irapuá é vil e indigno de ser xefe de guerreiros valentes!

O paxé falou grave e lento:

—Se a virxe lle entregou ao guerreiro branco a flor do seu corpo, ela morrerá; con todo, o hóspede de Tupá é sagrado. Ninguén lle tocará, todos lle servirán.

Irapuá bramou. O rouco berro tronou no seu peito coma o ronquido da sucuri[85] na profundidade do río.

—A rabia de Irapuá non pode oírte máis, vello paxé! Caia ela sobre ti se ousas subtraer o estranxeiro á vinganza dos tabaxaras.

O vello Andira, irmán do paxé, entrou na choupana; traía no puño o terrible tacape e nos ollos unha rabia aínda máis terrible.

—O morcego vén chucharche o sangue, se é que tes sangue e non mel nas veas[86], ti que ameazas na súa cabana ao vello paxé.

Araquén afastou o seu irmán:

—Paz e silencio, Andira.

O paxé estirara a súa alta e magra figura, coma a víbora asañada, que se enristra sobre a cola para se enfrontar coa vítima cara a cara. As engurras afundíronse e, estarricando as peles engurradas, sobresaíron os dentes brancos e afiados:

—Ousa dar un paso máis e as iras de Tupá esmagarante baixo o peso desta man seca e mirrada!

—Neste momento, Tupá non está contigo!, retrucou o xefe.

O paxé riu. O seu riso sinistro resoou polo espazo coma o brado do xaguar de auga[87].

—Oe o seu trono[88] e treme no teu peito, guerreiro, como a terra o fai nas súas profundidades.

Araquén, pronunciando esas palabras terribles, avanzou ata o medio da choupana. Alí ergueu a gran pedra e petou fortemente co pé no chan. De súpeto, abriuse

a terra. Do antro profundo saíu un terrorífico xemido, que parecía arrincado das entrañas do rochedo.

Irapuá non tremeu nin palideceu co susto, mais sentiu turbarse a luz nos ollos e a voz nos labios.

—O señor do trono está contigo; o señor da guerra estará con Irapuá.

O torvo guerreiro deixou a choupana; ao pouco, a súa gran figura mergullouse nas sombras do crepúsculo.

O paxé e mais o seu irmán trabaron unha conversa na porta da choupana.

Martiño, aínda abraiado polo que vira, non sacaba os ollos da profunda cova que a planta do pé do vello paxé abrira non chan da choupana. Un xordo balbordo, coma o eco das ondas ao romperen nas praias, aínda resoaba alí.

O guerreiro cristián cismaba. El non podía crer que o deus dos tabaxaras lle dese ao seu sacerdote tamaño poder.

Araquén, percibindo o que acontecía na alma do estranxeiro, acendeu a cachimba e agarrou a maraca:

—É tempo de aplacar as iras de Tupá e facer calar a voz do trono. Dixo isto e saíu da cabana.

Iracema achegouse entón ao mozo. Levaba os labios en riso, os ollos en xúbilo:

—O corazón de Iracema está coma o abati na auga[89] do río. Ninguén lle fará mal ao guerreiro branco na choupana de Araquén.

—Arrédate do inimigo, virxe dos tabaxaras, respondeu o estranxeiro con voz áspera.

Virándose brusco para o lado oposto, furtoulle o cariz aos ollos tenros e queixosos da virxe.

—Que fixo Iracema para que o guerreiro branco desvíe os seus ollos dela, coma se fose o verme da terra?

As palabras da virxe resoaron docemente no corazón de Martiño. Así resoan os murmurios da brisa na fronde da palmeira. O mozo sentiu rabia de si mesmo e pena dela:

—Non oes, virxe fermosa?, exclamou el apuntando para o antro axitado.

—É a voz de Tupá!

—O teu deus falou pola boca do paxé: “Se a virxe de Tupá lle entregase ao estranxeiro a flor do seu corpo, ela morrerá...!”

Iracema inclinou a fronte abatida:

—Non é a voz de Tupá a que oe o teu corazón, guerreiro de afastadas terras, é o canto da virxe branca, que te chama!

O rumor estraño que saía das profundidades da terra apagouse de súpeto. Fíxose na choupana un silencio tan grande que se oía palpitar o sangue na arteria do guerreiro, e tremer o suspiro no labio da virxe.

12

O día ennegreceu; era xa noite.

O paxé regresara á choupana. Agarrando de novo a grosa laxe, pechou con ela a boca do antro. Caubi chegara tamén da gran taba, onde cos seus irmáns guerreiros se recollera logo de bater a selva á procura do inimigo pitiguara.

No medio da choupana, entre as hamacas armadas en cadro, estendeu Iracema a esteira de carnaúba, e sobre ela serviu os restos da caza e a provisión de viños da última lúa. Só ao guerreiro tabaxara sóubolle a cea, porque a fel do corazón que a tristeza espreme non lle amargaba o sabor.

O paxé aspiraba na cachimba o fume sagrado de Tupá, que lle enchía o peito. O estranxeiro respiraba o ar aos grolos para que lle refrescase o sangue efervescente. A virxe destilaba a súa alma, coma o mel dun favo, nos frecuentes saloucos que lle estalaban entre os labios trémulos.

Xa partiu Caubi para a gran taba. O paxé traga as bafaradas de fume que prepara o misterio do sagrado rito.

Érguese no sosego profundo da noite un berro vibrante que remonta o ceo. Martiño ergue a fronte e agudiza o oído. Outro clamor semellante resoa. O guerreiro murmura, para que o oia a virxe e só ela:

—Escoitou Iracema cantar a gaivota?

—Iracema escoitou o grito dunha ave que ela non coñece.

—É a atiati, a garza do mar, e ti es a virxe da serra, que nunca descendeu ás albas praias onde rebentan as vagas.

—As praias son dos pitiguaras, señores das palmeiras.

Os guerreiros da gran nación que habitaba as beiras do mar chamábanse a si mesmos pitiguaras, señores dos vales, pero os tabaxaras, os seus inimigos, alcumábanos por escarnio potiguaras, comedores de camaróns. Iracema non quixo ofender o guerreiro branco; por iso, falando dos pitiguaras, non lles recusou o nome guerreiro que eles tomaran para si.

O estranxeiro retivo por un instante a palabra nos seus labios prudentes, mentres reflexionaba:

—O canto da gaivota é o grito de guerra do valente Poti, amigo do teu hóspede!

A virxe estremeceuse polos seus irmáns. A fama do bravo Poti, irmán de Xacaúna, subiu das ribeiras do mar ata as alturas da serra; rara é a choza onde non se bramara contra el o grito de vinganza, porque en case todas o golpe do seu valioso tacape deitara un guerreiro tabaxara no seu camucín.

Iracema coidou que Poti viña á fronte dos seus guerreiros para liberar o seu amigo. Fora el, sen dúbida, quen fixera resoar o bucio das praias no momento do combate. Cun ton mesturado de dozura e de tristeza, replicou:

—O estranxeiro está a salvo; os irmáns de Iracema van morrer, porque ela non falará.

—Saia esa tristeza da túa alma. O estranxeiro partirá dos teus campos, virxe tabaxara, sen deixar neles rastro de sangue, coma o tigre esfameado.

Iracema tomou a man do guerreiro branco e bicouna.

—O teu sorriso, continúa el, apagou a lembranza do mal que eles me queren.

Martiño ergueuse e marchou para a porta.

—Onde vai o guerreiro branco?

—Onda Poti.

—O hóspede de Araquén non pode saír desta choupana, porque os guerreiros de Irapuá o matarán.

—Un guerreiro só debe protección a Deus e ás súas armas. Non precisa que o defendan os vellos e as mulleres.

—Non vale un guerreiro só contra mil guerreiros; valente e forte é o tamanduá[90], que traba os gatos salvaxes, mais ao seren moitos acaban con el. As túas armas só chegan ata onde mide a sombra do teu corpo; as armas deles voan alto e dereito coma o anaxé[91].

—Todo guerreiro ten o seu día.

—Non queres ti que morra Iracema, pero queres que ela te deixe morrer!

Martiño quedou perplexo.

—Iracema irá ao encontro do xefe pitiguara e traerá ao seu hóspede as palabras do guerreiro amigo.

O paxé saíu, por fin, do seu ensimesmamento. A maraca vibroulle na destra e tintinaron os axóuxeres co paso teso e lento.

Chamou á súa filla á parte:

—Se os guerreiros de Irapuá viñesen contra a choupana, levanta a pedra e esconde o estranxeiro no seo da terra.

—O hóspede non debe quedar só. Agarda a que volva Iracema; aínda non cantou a iñuma. O vello volveu sentar na hamaca. A virxe partiu, pechando a porta da choupana.

13

Avanza a filla de Araquén entre as tebras. Párase e escoita. O grito da gaivota resoa por terceira vez no seu oído. Ela diríxese ao lugar de onde partiu. Chega á beira dunha lagoa e o seu ollar esculca a escuridade; nada ve do que busca.

A voz harmoniosa, feble coma o murmurio do colibrí, resoa no silencio:

—Guerreiro Poti, o teu irmán branco chámate pola boca de Iracema.

Só o eco lle respondeu.

—A filla dos teus inimigos vén a ti porque o estranxeiro te ama, e ela ama o estranxeiro.

A lisa face do lago fendeuse, e un vulto percíbese que nada cara á marxe e xorde fóra.

—Foi Martiño quen te mandou, pois ti sabes o nome de Poti, o seu irmán na guerra.

—Fala, xefe pitiguara; o guerreiro branco agarda.

—Volve onda el e dille que Poti é chegado para salvalo.

—El sábeo; e mandoume a ti para escoitarte.

—As palabras de Poti só sairán da súa boca para o oído do seu irmán branco.

—Daquela agarda que Araquén marche e a choupana quede deserta. Eu guiareite á presenza do estranxeiro.

—Nunca, filla dos tabaxaras, un guerreiro pitiguara cruzou a soleira da choupana inimiga se non foi como vencedor. Trae ata aquí o guerreiro do mar.

—A vinganza de Irapuá espreita ao redor da choupana de Araquén. Trouxo o irmán do estranxeiro guerreiros pitiguaras abondos para defendelo e salvalo?

Poti reflexionou:

—Conta, virxe das serras, o que sucedeu nos teus eidos despois de que chegara a eles o guerreiro do mar.

Iracema referiu como a cólera de Irapuá se asañara contra o estranxeiro ata que a voz de Tupá, chamado polo paxé, apazugou o seu furor.

—A rabia de Irapuá é coma o morcego: foxe da luz e voa nas tebras.

A man de Poti pechou, de súpeto, os labios da virxe; a súa fala parecía un sopro:

—Suspende a voz e a respiración, virxe da selva; o oído inimigo escoita na sombra.

As follas crepitaban mansamente, coma se por elas pasase a infatigable nambu. Un rumor, que proviña das marxes da selva, viña discorrendo polo val.

O valente Poti, esvarando pola herba coma o lixeiro camarón, do que el tomara o nome e a súa viveza, desapareceu no lago profundo. A auga non soltou un murmurio, e pechou sobre el a súa límpida onda.

Iracema volveu á choupana. No medio do camiño os seus ollos percibiron as sombras de moitos guerreiros que se arrastraban polo chan coma a intaña[92].

Araquén, véndoa entrar, partiu.

A virxe tabaxara contoulle a Martiño o que lle dixera Poti. O guerreiro cristián ergueuse dun chimpo para correr en defensa do seu irmán pitiguara. Cinguiulle o colo Iracema cos seus lindos brazos:

—O xefe non precisa túa. El é fillo das augas e as augas protéxeno. Máis tarde o estranxeiro oirá nos seus oídos a fala amiga.

—Iracema, cómpre que o teu hóspede deixe a choupana do paxé e os campos dos tabaxaras. El non ten medo dos guerreiros de Irapuá, ten medo dos ollos da virxe de Tupá.

—Eles fuxirán de ti.

—Fuxa deles o estranxeiro, coma o oitibó da estrela da mañá. Martiño comezou a andar.

—Vaite, guerreiro ingrato. Vai matar a teu irmán primeiro, e despois mátate ti. Iracema seguirate ata os campos alegres onde van as sombras dos que morren.

—Matar a meu irmán, dis ti, virxe cruel.

—O teu rastro guiará o inimigo ata onde el se oculta.

O cristián ficou no medio da choupana, e alí permaneceu mudo e quedo. Iracema, receosa de miralo, tiña os ollos na sombra do guerreiro, que a chama proxectaba na vetusta parede da cabana.

O can peludo, deitado a carón do lume, deu sinal de que se achegaba xente amiga. A porta, entretecida cos talos da carnaúba, foi aberta por fóra. Caubi entrou.

—O cauín perturbou o espírito dos guerreiros; veñen contra o estranxeiro.

A virxe ergueuse dun chimpo:

—Ergue a pedra que pecha a garganta de Tupá para que ela agache o estranxeiro.

O guerreiro tabaxara, termando da laxe enorme, envorcouna no chan.

—Fillo de Araquén, déitate na porta da choupana, e que nunca máis te levantes da terra se un guerreiro pasa por riba do teu corpo.

Caubi obedeceu e a virxe pechou a porta.

Pasou un anaco breve. Preto resoa o estrondo dos guerreiros; crúzanse as voces iradas de Irapuá e Caubi.

—Vindes, pero Tupá salvará o seu hóspede.

Nese intre, coma se o deus do trono oíse as palabras da súa virxe, o antro, mudo nun principio, tronou xordamente.

–Oe! É a voz de Tupá.

Iracema pecha a man do guerreiro e lévao ao bordo do antro. Sómense ambos nas entrañas da terra.

14

Os guerreiros tabaxaras, excitados polas copiosas libacións do espumante cauín, inflamábanse coa voz de Irapuá, que tantas veces os guiara ao combate e cantas á vitoria.

O viño aplaca a sede do corpo, mais acende outra sede maior na alma feroz. Braman vinganza contra o estranxeiro audaz que, enfrontándose ás súas armas, ofende o deus dos seus pais e o xefe da guerra, o primeiro varón tabaxara.

Alá saltan de furor e arremeten contra as sombras. A luz vermella do ubiratán[93], que brilla ao lonxe, guíaos á choupana de Araquén. De cando en vez, os que van diante érguense do chan para vixiar o inimigo.

—O paxé está no bosque!, murmuran.

—E o estranxeiro?, pregunta Irapuá.

—Na choupana con Iracema.

O gran xefe dá un terrible salto. Nun intre chega á porta da choupana, e con el os seus valentes guerreiros. O vulto de Caubi enche o limiar da porta; as súas armas gardan diante del o espazo dun salto do maracaxá[94].

—Débiles guerreiros son aqueles que atacan en bando coma os caititus[95]. O xaguar[96], señor da selva, e o anaxé, señor das nubes, combaten só o inimigo.

—Morda o po a boca torpe que levanta a voz contra o máis valente guerreiro dos guerreiros tabaxaras.

Proferidas estas palabras, o brazo de Irapuá ergue o ríxido tacape, mais detense no ar: as entrañas da terra outra vez roxen, como ruxiran cando Araquén acordou a voz tremenda de Tupá.

Levantan os guerreiros aterrador alarido e, cercando o seu xefe, arrebátano do funesto lugar e da cólera de Tupá, contra eles concitado.

Caubi esténdese de novo na soleira da porta; os seus ollos adormecen, mais o seu oído vela no sono.

A voz de Tupá enmudeceu.

Iracema e mais o cristián, perdidos nas entrañas da terra, descenderon pola gruta profunda. De súpeto, unha voz que viña retumbando pola galería encheu os seus oídos:

—O guerreiro do mar escoita as palabras do seu irmán?

—É Poti, o amigo do teu hóspede, díxolle o cristián á virxe.

Iracema estremeceu:

—Fala pola boca de Tupá.

Martiño respondeulle, por fin, ao pitiguara:

—As palabras de Poti entran na alma do seu irmán.

—Ningún outro oído escoita?

—Os da virxe que dúas veces nun sol defendeu a vida de teu irmán!

—A muller é fraca, o tabaxara traidor, e o irmán de Xacaúna prudente.

Iracema suspirou e pousou a cabeza no peito do mozo:

—Señor de Iracema, pecha os seus oídos para que ela non oia.

Martiño repeleu docemente a xentil fronte:

—Fale o xefe pitiguara; só o escoitan oídos amigos e fieis.

—Ti ordenas, Poti fala. Antes de que o sol se levante na serra, o guerreiro do mar debe partir para as beiras do niño das garzas. A estrela morta guiarao ata as albas praias. Ningún tabaxara o seguirá, porque a inubia dos pitiguaras ruxirá pola banda da serra.

—Cantos guerreiros pitiguaras acompañan ao seu valente xefe?

—Ningún. Poti veu só coas súas armas. Cando os malos espíritos da selva separaron o guerreiro do mar do seu irmán, Poti veu seguindo o seu rastro. O seu corazón non lle deixou volver para avisar os guerreiros da súa taba; mais enviou o seu can fiel ao gran Xacaúna.

—O xefe pitiguara está só; non debe facer ruxir a inubia que botará contra el a todos os guerreiros tabaxaras.

—É preciso para salvar o irmán branco. Poti burlará a Irapuá, como o burlou cando combatían cen contra ti.

A filla do paxé, que oíra calada, faloulle ao oído ao cristián:

—Iracema quere salvarte a ti e mais a teu irmán. El ten o seu pensamento. O xefe pitiguara é valente e audaz pero Irapuá é malicioso e traizoeiro coma a acacuán[97]. Antes de que chegues á selva, caerás. E teu irmán, da outra banda, caerá contigo.

—Que fará a virxe tabaxara para salvar o estranxeiro e o seu irmán?, preguntou Martiño.

—Así que pase un sol e outro, a lúa das flores nacerá. É o tempo da festa no que os guerreiros tabaxaras pasan a noite no bosque sagrado e reciben do paxé os soños alegres. Cando estean todos adormecidos, o guerreiro branco deixará os campos do Ipu e os ollos de Iracema, mais non a súa alma.

Martiño estreitou a virxe no seu peito, mais logo a rexeitou. O toque do seu corpo, doce coma a azucena do mato e quente coma o niño do colibrí, espiñou o seu corazón, porque lle lembrou as palabras terribles do paxé.

A voz do cristián transmitiulle a Poti o pensamento de Iracema. O xefe pitiguara, prudente coma o tamanduá, pensou e respondeu:

—A sabedoría falou pola boca da virxe tabaxara. Poti agardará o nacemento da lúa.

15

Naceu o día e expirou.

Xa brilla na choupana de Araquén o lume, compañeiro da noite. Corren lentas e silandeiras no azul do ceo as estrelas, fillas da lúa, que agardan a volta da súa nai ausente.

Martiño arrólase docemente e, igual cá alba hamaca que vai e vén, a súa vontade oscila dun a outro pensamento. Alá o agarda a virxe loura dos castos afectos; aquí lle sorrí a virxe morena dos ardentes amores.

Iracema inclínase lánguida na corda da hamaca. O seus ollos negros e refulxentes, tenros ollos de sabiá, buscan o estranxeiro e éntranlle na alma. O cristián sorrí, a virxe palpita. Coma o saí[98], fascinado pola bela serpente, vai inclinando o sensual van, que se prostra sobre o peito do guerreiro. O estranxeiro apértaa contra o seu seo, e os seus labios ávidos buscan os labios que os agardan para celebrar, nese santuario da alma, o himeneo do amor.

No recanto escuro o vello paxé, inmerso na contemplación e alleo ás cousas deste mundo, soltou un xemido doloroso. Presentira o corazón o que non viran os ollos? Ou foi algún funesto presaxio para a raza dos seus fillos o que fixo eco na alma de Araquén? Ninguén o soubo.

O cristián rexeitou do seu seo a virxe indiana. El non deixará rastro da desgraza na choupana hospitalaria. Pecha os ollos para non ver, e enche a súa alma co nome e coa veneración do seu deus:

—Cristo...!, Cristo...!

A serenidade volve ao corazón do guerreiro branco, mais todas as veces que a súa mirada se pousa sobre a virxe tabaxara, el sente como lle corre polas veas unha chispa de ardente chama. Como cando o neno imprudente remexe o braseiro de intenso lume, e saltan as faíscas inflamadas que lle queiman o corpo.

Pecha os ollos o cristián mais, na sombra, do seu pensamento xorde a imaxe da virxe, se cadra aínda máis bela. En balde procura o sono das pálpebras fatigadas; elas ábrense ao seu pesar. Descéndelle do ceo, co atribulado pensamento, unha inspiración:

—Virxe fermosa do sertón, esta é a última noite que o teu hóspede dorme na choupana de Araquén, onde nunca viñera, para o teu ben e para o seu. Fai que o seu sono sexa alegre e feliz.

—Manda; Iracema obedece. Que pode ela facer para a túa alegría?

O cristián falou baixiño, para que non o oíse o vello paxé:

—A virxe de Tupá garda os soños da xurema que son doces e saborosos!

Un triste sorriso abrollou nos labios de Iracema:

—O estranxeiro vai vivir para sempre á cintura da virxe branca[99]; nunca máis os seus ollos verán a filla de Araquén, e el quere que o sono peche xa as súas pálpebras e que o soño o leve á terra dos seus irmáns!

—O sono é o descanso do guerreiro –dixo Martiño–, e o soño, a alegría da alma. O estranxeiro non quere levar consigo a tristeza da terra hospitalaria, nin deixala no corazón de Iracema!

A virxe quedou inmóbil.

—Vai, e regresa co viño de Tupá.

Cando Iracema veu de volta, o paxé xa non estaba na choupana. A virxe sacou do seu seo o vaso que alí traía oculto baixo a carioba[100] de algodón entretecida con plumas. Martiño arrebatoullo das mans e libou as poucas pingas do verde e amargo licor. Non tardou en que a hamaca recibise o seu corpo desfalecido.

Agora podía vivir con Iracema e recibir no seus labios o bico que alí agromaba entre sorrisos, coma o froito na corola da flor. Podía amala, e zugar dese amor o mel e o perfume sen deixar veleno no seo da virxe.

O gozo era vida, pois sentíao máis vivo e intenso; o mal era soño e ilusión, pois da virxe el non posuía máis cá imaxe.

Iracema afastárase oprimida e melancólica.

Abríronse os brazos do guerreiro e dos seus labios saíu docemente o nome da virxe. A xuruti, que vaga pola selva, oe o tenro arrolo do compañeiro, bate as ás e voa

para aconchegarse no morno niño. Do mesmo xeito, a virxe do sertón aniñouse nos brazos do guerreiro.

Cando veu a mañá, atopou aínda a Iracema alí debruzada, cal bolboreta que durmiu no acubillo do fermoso cacto. Na súa linda faciana acendía o pudor vivos rubores, e coma entre os albores da mañá escintila a primeira raiola do sol, na súa face acendida resplandecía o primeiro sorriso da esposa, aurora de gozoso amor.

Martiño, vendo a virxe unida ao seu corazón, coidou que o soño continuaba; pechou os ollos para volvelos abrir.

O berro dos guerreiros, tronando polo val, arrincouno do seu doce engano. Sentiu que xa non soñaba, pero vivía. A súa man cruel sufocou nos labios da virxe o bico que alí se axitaba.

—Os bicos de Iracema son doces no soño, e o guerreiro branco encheu deles a súa alma. Na vida, os labios da virxe de Tupá amargan e doen coma o espiño da xurema.

A filla de Araquén escondeu no corazón a súa alegría. Quedou tímida e inquieta, coma a ave que presente a borrasca no horizonte. Afastouse rápida, e partiu.

As augas do río depuraron o corpo casto da recente esposa.

A xandaia non volveu á cabana.

Tupá xa non tiña a súa virxe na terra dos tabaxaras.

16

O albo disco da lúa xurdiu no horizonte.

A luz brillante do sol esmorece a virxe do ceo, coma o amor do guerreiro palidece a face da esposa.

—Xaci...![101] Nai nosa...!, exclamaron os guerreiros tabaxaras; e tensando os arcos lanzaron ao ceo, xunto á chuvia de frechas, o canto da lúa nova:

“Veu ao ceo a nai dos guerreiros; xa amosa o rostro para os seus fillos. Ela trae as augas, que enchen os ríos e a polpa do caxu.”

"Xa veu a esposa do sol, xa sorrí ás virxes da terra, fillas súas. A doce luz acende o amor no corazón dos guerreiros e fecunda o seo da nai nova."

Cae a tarde.

Folgan as mulleres e os nenos na vasta ocara. Os mozos, que aínda non gañaron nome de guerra por algún feito brillante, corrican polo val.

Os guerreiros seguen a Irapuá ao bosque sagrado, onde os espera o paxé e mais a súa filla para o misterio da xurema. Iracema xa prendeu os fachos da alegría[102]. Araquén está inmóbil e estático no interior dunha nube de fume.

Cada guerreiro que chega deposita aos seus pés unha ofrenda para Tupá. Un trae unha suculenta caza, outro a fariña de auga, aquel as saborosas millas da traíra[103]. O vello paxé, para quen son estas dádivas, recíbeas con desdén.

Cando todos estiveron sentados arredor da gran fogueira, o ministro de Tupá ordena o silencio cun aceno e, tres veces clamando o nome terrible, énchese do deus, que o habita:

—Tupá...! Tupá...! Tupá...!

Tres veces ao lonxe o eco repetiu.

Vén Iracema coa igazaba chea do verde licor. Araquén determina os soños de cada guerreiro e distribúe o viño da xurema, que transporta ao ceo o valente tabaxara.

Este, gran cazador, soña que os veados e as pacas[104] corren diante das súas frechas para se traspasaren nelas; fatigado, finalmente, de cazalos, cava na terra o bucán[105] e asa tal cantidade de caza que mil guerreiros nun ano non darían conta dela.

Outro, fogoso nos amores, soña que as máis belas virxes dos tabaxaras deixan a choupana dos seus pais e ségueno, cativas do seu querer. Nunca a hamaca de xefe ningún arrolou máis voluptuosas caricias das que el goza naquel éxtase.

O heroe soña tremendas loitas e horribles combates, dos que sae vencedor, cheo de gloria e de fama.

O vello renace na prole numerosa e coma o seco tronco, onde rebenta nova e robusta follaxe, cóbrese aínda de flores.

Todos senten a felicidade tan viva e tan continua, que no espazo dunha noite coidan vivir moitas lúas. As bocas murmuran, os xestos falan, e o paxe, que todo o escoita e o ve, colle o segredo das almas espidas.

Iracema, despois de ofrecerlles aos guerreiros o licor de Tupá, saíu do bosque. O rito non permitía que ela asistise ao sono dos guerreiros e oíse falar os soños.

Foi desde alí dereita á choupana onde a agardaba Martiño:

—Toma as túas armas, guerreiro branco. É tempo de partir.

—Lévame onda Poti, meu irmán.

A virxe camiñou cara ao val. O cristián seguiuna. Chegaron á aba do rochedo, que ía morrer á beira do lago nunha follaxe espesa.

—Chama a teu irmán.

Martiño soltou o grito da gaivota. A pedra que pechaba a entrada da gruta caeu, e a figura do guerreiro Poti apareceu na sombra.

Os dous irmáns xuntaron fronte con fronte e peito con peito, para expresar que non tiñan ambos máis ca unha cabeza e un corazón.

—Poti está contento por ver o seu irmán, que o mal espírito da selva arrebatou dos seus ollos.

—Feliz é o guerreiro que ten ao seu carón un amigo coma o bravo Poti. Todos os guerreiros o envexarán.

Iracema suspirou, pensando que o afecto do pitiguara abondaba para a felicidade do estranxeiro.

—Os guerreiros tabaxaras dormen. A filla de Araquén guiará os estranxeiros.

A virxe ía diante, os guerreiros atrás. Cando andaran o espazo que atravesa a garza dun voo, o xefe pitiguara comezou a inquietarse e murmurou no oído do cristián:

—Mándalle á filla do paxé que volva para a choupana do seu pai. Ela demora a marcha dos guerreiros.

Martiño entristeceuse, mais a voz da prudencia e da amizade penetrou no seu corazón. Avanzou ata Iracema e sacou do seu interior unha voz doce para confortar a saudade da virxe:

—Máis afonda a raíz da planta na terra, máis custa arrincala. Cada paso de Iracema no camiño da partida, é unha raíz que lanza no corazón do seu hóspede.

—Iracema quere acompañarte ata onde rematan os campos dos tabaxaras, para volver co sosego no seu peito.

Martiño non respondeu. Continuaron a camiñar, e con eles camiñaba a noite; as estrelas esmoreceron e a frescura da alborada alegrou a selva. As roupas da mañá, brancas coma o algodón, apareceron no ceo.

Poti mirou o bosque e parou. Martiño comprendeu e díxolle a Iracema:

—O teu hóspede xa non pisa os campos dos tabaxaras. É o momento de separarte del.

17

Iracema pousou a man no peito do guerreiro branco:

—A filla dos tabaxaras xa deixou os campos dos seus pais; agora pode falar.

—Que gardas no teu seo, virxe fermosa do sertón?

Ela puxo os ollos fixos no cristián:

—Iracema non pode separarse do estranxeiro.

—Así é preciso, filla de Araquén. Volve á cabana do teu vello pai, que te agarda.

—Araquén xa non ten filla.

Martiño puxo un xesto duro e severo:

—Un guerreiro da miña raza xamais deixou a cabana do hóspede viúva da súa alegría. Araquén abrazará a súa filla para non maldicir o estranxeiro ingrato.

A virxe inclinou a fronte cubríndose coas longas trenzas negras que se esparexían polo colo e, cruzando no regazo os lindos brazos, recolleuse no seu pudor, como o rosado cacto, que xa xermolou en fermosa flor, pecha nun botón o seo perfumado.

—A túa escrava acompañarate, guerreiro branco, porque o teu sangue dorme no seu interior.

Martiño estremeceuse.

—Os malos espíritos da noite turbaron o espírito de Iracema.

—O guerreiro branco soñaba cando Tupá abandonou a súa virxe porque ela lle trouxo o segredo da xurema.

O cristián escondeu a face da luz.

—Meu Deus...!,exclamou o seu labio trémulo.

Permaneceron ambos mudos e quedos. Ao final, dixo Poti:

—Os guerreiros tabaxaras espertan.

O corazón da virxe, coma o do estranxeiro, volveuse xordo á voz da prudencia. O sol levantouse no horizonte e o seu ollar maxestoso descendeu dos montes á selva. Poti, de pé coma un tronco cortado, agardou que o seu irmán quixese partir.

Foi Iracema quen primeiro falou:

—Ven. En tanto non pises as praias dos pitiguaras, a túa vida corre perigo.

Martiño seguiu silencioso á virxe, que corría entre as árbores coma a salvaxe cutia[106]. A tristeza roíalle o corazón, mais a onda de perfumes que deixaba na brisa o paso da fermosa tabaxara estimulaba o amor no corazón do guerreiro. O seu paso era vagaroso, o peito arquexáballe.

Poti cismaba. Na súa cabeza de rapaz moraba o espírito dun abaeté[107]. O xefe pitiguara pensaba que o amor é coma o cauín, que bebido con moderación fortalece o guerreiro mais tomado en exceso abate a coraxe do heroe. El sabía o que veloz que era o pé do tabaxara, e agardaba o momento de morrer defendendo o amigo.

Cando as sombras da tarde entristecían o día, o cristián parou no medio da selva. Poti acendeu o lume da hospitalidade. A virxe desdobrou a alba hamaca de algodón con franxas de plumas de tucano, e pendurouna das pólas da árbore.

—Esposo de Iracema, a túa hamaca agárdate.

A filla de Araquén foi sentar lonxe, na raíz dunha árbore, coma a cerva solitaria á que o ingrato compañeiro botou da gorida. O guerreiro pitiguara desapareceu na espesura da follaxe.

Martiño quedou mudo e triste, semellante ao tronco da árbore ao que o vento lle arrincou a fermosa hedra que o rodeaba. A brisa, rozando, levou un murmurio:

—Iracema!

Era o berro do compañeiro; a cerva, encrespándose, achegouse á gorida. A selva destilaba unha suave fragrancia e exhalaba harmoniosos arpexos. Os suspiros do corazón esvaecíanse entre os murmurios do sertón. Foi a festa do amor, e o canto do himeneo.

Xa a luz da mañá se filtraba na selva densa. A voz grave e sonora de Poti resoou no murmurio do mato:

—O pobo tabaxara camiña na selva!

Iracema arrincouse dos brazos que a cinxían e mais do labio que a tiña cativa. Saltando da hamaca coma a rápida zabelé[108], colleu as armas do esposo e levouno a través da selva.

De rato en rato, o prudente Poti escoitaba as entrañas da terra. A súa cabeza movíase pesada dun lado a outro, coma a nube que se balancea nu curuto do rochedo aos varios sopros da próxima borrasca.

—Que escoita o oído do guerreiro Poti?

—Escoita o paso veloz do pobo tabaxara. El vén coma o tapir, rompendo a ramaxe.

—O guerreiro pitiguara é a ema[109] que voa sobre a terra; nós seguirémolo como as súas ás, dixo Iracema.

O xefe sacudiu de novo a fronte:

—Mentres o guerreiro do mar durmía, o inimigo correu. Os que primeiro partiron xa avanzan alá ao lonxe coma as puntas do arco.

A vergoña mordeu o corazón de Martiño:

—Fuxa o xefe Poti e salve a Iracema. Só debe morrer o mal guerreiro, que non escoitou a voz do seu irmán e o pedimento da súa esposa.

Martiño freou o paso.

—A alma do guerreiro branco non escoitou a súa boca. Poti e o seu irmán só teñen unha vida.

Os labios de Iracema non falaron, mais sorriron.

18

Treme a selva co estrondo da carreira do pobo tabaxara.

O grande Irapuá, de primeiro, asoma entre as árbores. O seu ollar rubio viu o guerreiro branco entre nubes de sangue. O grito rouco do tigre sae do seu peito cavernoso.

O xefe tabaxara e o seu pobo van precipitarse sobre os fuxitivos, coma a vaga encrespada que rebenta no Mocoribe.

Velaí ladra o can salvaxe. Poti ceiba o grito da alegría:

—O can de Poti guía os guerreiros da súa taba no teu socorro.

O rouco bucio dos pitiguaras resoa pola selva. O gran Xacaúna[110], señor das praias do mar, chegaba do río das garzas cos seus mellores guerreiros.

Os pitiguaras reciben o primeiro ímpeto do inimigo coas puntas ourizadas das súas frechas, que lanzan desde os seus arcos aos feixes, coma o cuandu[111] os espiños do seu corpo. Logo, así que soa o grito de guerra, estréitase o espazo e a loita realízase cara a cara.

Xacaúna ataca a Irapuá. Prosegue o horrible combate que abondaría para dez bravos guerreiros pero que non foi quen de esgotar aínda a forza dos grandes xefes. Cando os dous tacapes se encontran, a batalla toda estremece ata as entrañas coma un só guerreiro.

O irmán de Iracema foi dereito contra o estranxeiro, que arrincara a filla de Araquén da choupana hospitalaria. O faro da vinganza guíao; a visión da súa irmá intensifica a rabia no seu peito. O guerreiro Caubi asalta con furor ao inimigo.

Iracema, unida ao flanco do seu guerreiro e esposo, viu de lonxe a Caubi e falou así:

—Señor de Iracema, oe o rogo da túa escrava. Non derrames o sangue do fillo de Araquén. Se o guerreiro Caubi ten que morrer, morra pola miña man, non pola túa.

Martiño cravou no rostro da virxe os ollos cheos de horror:

—Iracema matará ao seu irmán?

—Iracema antes quere que o sangue de Caubi tinxa a súa man cá túa, porque os ollos de Iracema te ven a ti, e a ela non.

Enrédanse na loita os guerreiros. Caubi combate con furor; o cristián apenas se defende, mais a seta introducida no arco da esposa protexe a vida do guerreiro contra os ataques do inimigo. Poti xa derrubou ao vello Andira e a cantos guerreiros topou na loita o seu válido tacape. Martiño abandona o fillo de Araquén e corre sobre Irapuá:

—Xacaúna é un gran xefe; o seu colar de guerra[112] dálle tres voltas ao peito. O tabaxara pertence ao guerreiro branco.

—A vinganza é a honra do guerreiro, e Xacaúna ama o amigo de Poti.

O gran xefe pitiguara retirou o seu formidable tacape. O combate disputouse entre Irapuá e Martiño. A espada do cristián, batendo na maza do salvaxe, desfíxose en anacos. O xefe tabaxara avanzou contra o peito inerme do adversario.

Iracema silvou coma a boicininga e enfrontouse á furia do guerreiro tabaxara. A arma ríxida tremeu na poderosa man e o brazo caeu desfalecido.

Soaba o grito de guerra da vitoria. Os guerreiros pitiguaras, conducidos por Xacaúna e Poti, varrían a selva. Os tabaxaras, fuxindo, arrebataron ao seu xefe do odio da filla de Araquén que o podía abater, coma a xandaia abate o elevado coqueiro roéndolle a cerna.

Os ollos de Iracema, estendidos pola selva, viron o chan cuberto de cadáveres dos seus irmáns e, ao lonxe, o bando dos guerreiros tabaxaras que fuxía envolto nunha nube negra de po. Aquel sangue que arrubiaba a terra era o mesmo sangue brioso que lle ardía na cara de vergoña. O pranto orballou a súa fermosa face.

Martiño afastouse para non humillar a tristeza de Iracema. Deixou que a súa dor núa se bañase nas bágoas.

19

Poti volveu de perseguir o inimigo. Os seus ollos enchéranse de alegría, vendo san e salvo o guerreiro branco.

O can fiel seguíao de preto, lambendo aínda nos pelos do fociño pingas do sangue tabaxara, do que se fartara. O señor acariñábao, satisfeito da súa coraxe e dedicación. Fora el quen salvara a Martiño ao traer con tanta dilixencia os guerreiros de Xacaúna.

—Os malos espíritos da selva poden separar outra vez o guerreiro branco do seu irmán pitiguara. O can seguirate, de agora en adiante, para que mesmo de lonxe Poti acuda á túa chamada.

—Pero o can é o teu compañeiro e o teu amigo fiel.

—Máis amigo e compañeiro será de Poti servindo antes ao seu irmán ca a el. Ti chamaralo Xapi[113], e el será o pé lixeiro con que de lonxe corramos un para o outro.

Xacaúna deu o sinal de partida.

Os guerreiros pitiguaras camiñaron cara ás marxes alegres do río onde beben as garzas: alí erguíase a gran taba dos señores das varcias.

O sol deitouse e de novo levantouse no ceo. Os guerreiros chegaron onde a serra quebra para o sertón; xa pasaran aquela parte da montaña que, por estar espida de arboredo e rapada coma a capivara[114], a xente de Tupá lle chama Ibiapina[115].

Poti levou o cristián ata onde medraba un frondoso xatobá[116], que se encaraba ao resto das árbores desde o máis alto cume da serra e, cando era batido pola axada, semellaba varrer o ceo coa súa inmensa copa.

—Neste lugar naceu teu irmán, dixo o pitiguara.

Martiño estreitoulle o peito ao tronco enorme:

—Xatobá, ti que viches nacer a meu irmán Poti, o estranxeiro abrázate.

—O raio te fenda, árbore do guerreiro Poti, cando o seu irmán o abandone.

Despois, o xefe falou así:

—Aínda Xacaúna non era un guerreiro, cando Xatobá, o maior xefe, conducía os pitiguaras á vitoria. Así que as grandes augas correron, el camiñou para a serra. En chegando aquí, mandou levantar a taba, para estar preto do inimigo e vencelo máis veces. A mesma lúa que o viu chegar alumeou a hamaca onde Saí, a súa esposa, lle deu máis dun guerreiro do seu sangue. O luar pasaba por entre as follas do xatobá, e o sorriso polos labios do varón poderoso que tomara o seu nome e a súa robustez.

Iracema achegouse. A rula, que marisca na area, se se lle afasta o compañeiro voa de póla en póla e rula para que lle responda o amigo ausente; do mesmo xeito, a filla da selva erra pola encosta modulando o seu sinxelo e doce canto.

Martiño recibiuna coa alma na face, e levando a esposa do lado do corazón e o amigo do lado da forza, volveu ao rancho dos pitiguaras.

20

A lúa medrou.

Tres soles había que Martiño e Iracema estaban nas terras dos pitiguaras, señores das marxes do Camucín e do Acaraú. Os estranxeiros tiñan a súa hamaca na vasta choza do gran Xacaúna. O valente xefe gardouse para el a alegría de hospedar o guerreiro branco.

Poti abandonou a súa taba para acompañar o seu irmán de guerra na choza do seu irmán de sangue, e poder gozar dos instantes que sobraban do amor de Iracema, no corazón do guerreiro do mar, para a amizade.

A sombra xa se retirara da face da terra, mais Martiño viu que ela non se retirara aínda, desde o día do combate, da face da súa esposa.

—A tristeza mora na alma de Iracema!

—A alegría para a túa esposa só vén de ti; cando os teus ollos a deixan, as lágrimas enchen os seus.

—Por que chora a filla dos tabaxaras?

—Esta é a taba dos pitiguaras, inimigos do meu pobo. A vista de Iracema viu o cranio dos seus irmáns espetados na estacada; o seu oído escoitou o canto de morte dos tabaxaras cativos; a súa man tocou as armas tinxidas do sangue do seu pai.

A esposa pousou as dúas mans nos ombros do guerreiro e inclinouse no seu peito.

—Iracema sófreo todo polo seu guerreiro e señor. A ata[117] é doce e saborosa, mais cando a machucan é aceda. A túa esposa non quere que o seu amor acede o teu corazón senón que te encha das dozuras do mel.

—Volva o acougo ao seo da familia dos tabaxaras. Ela deixará a taba dos inimigos do seu pobo.

O cristián camiñou á choza de Xacaúna. O gran xefe alegrouse ao ver chegar o seu hóspede, mais a súa alegría fuxiu logo da súa fronte guerreira. Martiño dixera:

—O guerreiro branco parte da túa cabana, gran xefe.

—Faltouche algunha cousa na taba de Xacaúna?

—Nada lle faltou ao teu hóspede. El era feliz aquí, mais a voz do corazón chámao a outros sitios.

—Daquela parte, e lévate o que cumpra para a viaxe. Que Tupá che dea forza e che traia outra vez á cabana de Xacaúna, para que el poida festexar a túa benvida.

Poti chegou. Ao saber que o guerreiro do mar ía partir, falou:

—Teu irmán acompáñate.

—Os guerreiros de Poti precisan do seu xefe.

—Se ti non queres que eles vaian con Poti, Xacaúna conduciraos á vitoria.

—A choza de Poti quedará deserta e triste.

—Deserto e triste estará o corazón de teu irmán lonxe de ti.

O guerreiro do mar deixou as marxes do río das garzas e camiñou cara ás terras onde o sol se deita. A esposa e mais o seu amigo seguen a súa marcha.

Pasan alén da fértil montaña, onde a abundancia dos froitos xeraba gran cantidade de moscas e de onde lle veu o nome de Meruoca[118]. Atravesan os regatos que levan as súas augas ao río das garzas e albiscan, ao lonxe, unha alta serra. Expira o día.

Unha nube negra voa da parte do mar: son os urubus[119] que pastan nas praias a carnaza que expulsa o océano e á noite tornan ao niño.

Os viaxantes dormen en Uruburetama[120]. Cando regresou o sol, chegaron ás marxes do río, que nace na garganta da serra e descende á chaira enroscándose coma unha cobra. As súas reviravoltas continuas enganan a cada paso ao peregrino, que vai seguindo o seu tortuoso curso. Por iso foi chamado Mundaú[121].

Percorrendo as frescas marxes, Martiño viu no seguinte sol os verdes mares e as albas praias onde as ondas rumorosas ás veces saloucan e outras atronan de furia, rebentando en flocos de escuma.

Os ollos do guerreiro branco estendéronse pola vasta inmensidade; o seu peito suspirou. Ese mar bicaba tamén as brancas areas do Potengui[122], o seu berce natal, onde el vira a luz americana. Botouse nas ondas e pensou que bañaba o seu corpo nas augas da patria, como bañara a súa alma nas saudades dela.

Iracema sentiu que lle choraba o corazón, mais non tardou en que o sorriso do guerreiro llo caldease.

Mentres Poti, desde o alto dun coqueiro, abatía dunha frecha o saboroso camorupín[123] que brincaba na auga.

21

Xa descendía o sol das alturas do ceo.

Chegan os viaxantes á foz do río onde se crían en grande abundancia as saborosas traíras[124]. As súas praias están poboadas pola tribo dos pescadores, da gran nación dos pitiguaras.

Recibiron aos estranxeiros coa hospitalidade xenerosa, que era unha lei da súa relixión, e a Poti co respecto que merecía tan gran guerreiro, irmán de Xacaúna, o maior xefe da forte xente pitiguara.

Para que repousasen os viaxantes e acompañalos na despedida, o xefe da tribo recibiu a Martiño, a Iracema e a Poti na xangada e, abrindo a vela ao vento, levounos

ben lonxe da costa. Todos os pescadores seguían ao xefe e atronaban os aires con canto da saudade e cos murmurios do urazá[125], que imita os xemidos dos vento.

Máis alá da tribo dos pescadores estaba a entrada para as serras onde mora a tribo dos cazadores. Eles ocupaban as marxes do Soipé[126], cubertas de vexetación, onde os veados, as gordas pacas e os brandos xacus[127] abundaban. Por iso os habitantes desas marxes puxéranlles o nome de país da caza.

O xefe dos cazadores, Xaguarazu, tiña a súa cabana á beira do lago que forma o río preto do mar. Alí atoparon os viaxantes o mesmo agasallo que recibiran dos pescadores.

Despois de partiren do Soipé, os viaxantes atravesaron o río Pacoti[128], en cuxas marxes medraban as frondosas bananeiras que abaneaban os seus verdes penachos. Máis lonxe o Iguape[129], onde a auga cingue as dunas de area.

Máis alá asomou no horizonte un alto outeiro de area que tiña a albura da escuma do mar. O curuto sobranceiro aos coqueiros semella a cabeza calva do cóndor, agardando alí a borrasca que vén dos confíns do océano.

—Poti coñece o grande outeiro das areas?, preguntou o cristián.

—Poti coñece toda a terra que teñen os pitiguaras, desde as beiras do gran río, que forma un brazo de mar[130], ata a marxe do río onde habita o xaguar. El xa estivo no alto do Mocoribe e desde alá viu correr no mar os grandes barcos dos guerreiros brancos, os teus inimigos, que están no Mearim.

—Por que lle chamas Mocoribe[131] ao grande outeiro de area?

—O pescador da praia, que vai na xangada alá onde voa a gaivota, fica triste, lonxe da terra e da súa cabana onde dormen os fillos do seu sangue. Cando el volve, os seus ollos o primeiro que avistan é o outeiro das areas, e a alegría volve ao corazón do home. Daquela el di que o outeiro das areas dá alegría!

—O pescador di ben, porque teu irmán ficou contento, coma el, vendo o monte das areas.

Martiño subiu con Poti ao cume do Mocoribe. Iracema, seguindo cos ollos ao esposo, vagaba coma a xazanán[132] arredor do fermoso seo que alí fixo a terra para recibir o mar.

De pasada, ela apañaba os doces caxus, que lles aplacan a sede aos guerreiros e apañaba as delicadas cunchas para adornar o seu colo.

Os viaxantes estiveron en Mocoribe tres soles. Despois, Martiño levou os seus pasos máis alá. A esposa e o amigo seguírono ata a desembocadura dun río que tiña as beiras anegadas e cubertas de mangleiros. O mar, ao entrar por el, formaba unha bacía de auga cristalina que parecía cavada na pedra coma un camucín.

O guerreiro cristián, ao percorrer esa paraxe, comezou a cismar. Ata alí el camiñara sen destino ningún, movendo os seus pasos ao chou. Non tiña outra intención máis que afastarse das tabas dos pitiguaras para arrincar a tristeza do corazón de Iracema. O cristián sabía, por experiencia, que a viaxe sosega a morriña, porque a alma para en canto o corpo se move. Agora, sentado na praia, pensaba.

Poti veu:

—O guerreiro branco pensa; o corazón do seu irmán está aberto para recibir o seu pensamento.

—Teu irmán pensa que este lugar é mellor cás marxes do Jaguaribe para a taba dos guerreiros da súa raza. Nestas augas, os grandes barcos que veñen de afastadas terras abeiraríanse do vento e do mar. Desde aquí elas partirían ao Mearim a destruír os brancos tapuias[133], aliados dos tabaxaras, inimigos da túa nación.

O xefe pitiguara meditou e respondeu:

—Vai buscar os teus guerreiros. Poti plantará a súa taba xunta a mairi[134] do seu irmán.

Achegábase Iracema. O cristián pediulle, cun aceno, o silencio ao xefe pitiguara.

—A voz do esposo cala e os seus ollos baixan cando chega Iracema. Queres que ela se afaste?

—O teu esposo quere que chegues máis preto, para que a súa voz e os seus ollos penetren máis dentro da túa alma.

A fermosa salvaxe desfíxose en risos, como se desfai a flor do froito que despunta, e foi debruzarse nas costas do guerreiro.

—Iracema escóitate.

—Estes campos son alegres, e máis o serán cando Iracema habite neles. Que che di o teu corazón?

—O corazón da esposa está sempre alegre xunta o seu señor e guerreiro.

O cristián, seguindo pola marxe do río, escolleu un lugar para levantar a cabana. Poti cortou esteos dos troncos da carnaúba. A filla de Araquén ligaba as follas da palmeira para cubrir o teito e as paredes. Martiño cavou a terra coa espada e fabricou a porta das estelas do bambú.

Cando chegou a noite, os dous esposos montaron a hamaca na súa nova cabana, e o amigo no alpendre que miraba para o nacente.

22

Poti saudou ao amigo e falou así:

—Antes ca o pai de Xacaúna e de Poti, o valente guerreiro Xatobá, mandase sobre todos os guerreiros pitiguaras, o gran tacape da nación estaba na destra de Batuireté[135], o maior xefe, pai de Xatobá. Foi el quen veu polas praias do mar ata o río do xaguar e expulsou os tabaxaras para dentro das terras, marcándolle a cada tribo o seu lugar. Despois, entrou polo sertón ata a serra que tomou o seu nome.

Cando as súas estrelas eran moitas[136], tantas que no seu camucín xa non cabían as castañas que marcaban o número, o seu corpo dobrouse para a terra, o seu brazo endureceu coma a póla do ríxido ubiratán e os seus ollos escurecéronse.

Chamou entón ao guerreiro Xatobá[137] e díxolle: —Fillo, toma o tacape da nación pitiguara. Tupá non quere que Batuireté o leve máis á guerra, pois tirou a forza do seu corpo, o movemento do seu brazo e a luz dos seus ollos. Mais Tupá foi bo con el, pois deulle un fillo coma o guerreiro Xatobá.

Xatobá empuñou o tacape dos pitiguaras. Batuireté tomou o caxato da súa vellez e camiñou. Foi atravesando os vastos sertóns ata chegar aos vizosos campos onde corren as augas que veñen da banda da noite. Cando o vello guerreiro arrastraba o seu paso polas marxes, e a sombra dos seus ollos xa non lle deixaba ver os froitos nas árbores ou os paxaros no ar, dicía na súa tristeza:

—Ah, meus tempos pasados!

A xente que o oía choraba a ruína do gran xefe e desde entón, ao pasar por aqueles lugares, repetía as súas palabras, de onde veu que ese río e eses campos se chamen Quixeramobim[138].

Batuireté veu polo camiño das garzas[139] ata aquela serra que ves ao lonxe, onde primeiro habitou. Alá no cume o vello guerreiro fixo o seu niño alto coma o gabián, para pasar o resto dos seus días conversando con Tupá. O seu fillo xa dorme baixo terra e el aínda na outra lúa cismaba na porta da súa choza agardando a noite que trae o gran sono. Todos os xefes pitiguaras, cando acordan á voz da guerra, van pedirlle ao vello que lles ensine a vencer, porque xamais ningún outro guerreiro soubo coma el combater. Por iso as tribos non lle chaman xa polo seu nome senón polo gran sabedor da guerra, Maranguab[140].

O xefe Poti irá á serra a ver o seu avó, pero antes de que o día morra el estará de volta na cabana do seu irmán. Tes ti outra vontade?

—O guerreiro branco acompáñate. El quere abrazar o gran xefe dos pitiguaras, avó do seu irmán, e dicirlle ao vello que renace no seu neto.

Martiño chamou a Iracema e partiron ambos guiados polo pitiguara cara á serra do Maranguab, que se levantaba no horizonte. Foron seguindo o curso do río ata onde nel entraba o regato de Pirapora[141].

A choza do vello guerreiro estaba xunto ás fermosas fervenzas, onde salta o peixe no medio dos cachóns de escuma. As augas alí son frescas e suaves, coma a brisa do mar que pasa entre as sombras dos cocos nas horas de calma.

Batuireté estaba sentado sobre un dos penedos da fervenza como dorme o xaburu[142] na beira do lago, e o sol ardente caía sobre a súa cabeza núa de cabelos e chea de engurras coma o xenipapo[143].

—Poti chega á cabana do gran Maranguab, pai de Xatobá, e trouxo ao seu irmán branco para que vexa o maior guerreiro das nacións.

O vello entreabriu as pesadas pálpebras e pasou do neto ao estranxeiro un ollar embazado. Despois, o peito arquexou e os seus labios murmuraron:

—Tupá quixo que estes ollos viran, antes de se apagaren, o gabián branco[144] xunto ao mazarico.

O egrexio varón derrubou a fronte no peito e non falou máis nin máis se moveu.

Poti e Martiño xulgaron que el durmía e afastáronse con respecto para non perturbaren o repouso de quen tanto obrara na súa longa vida. Iracema, que se bañaba na cachoeira próxima, foilles ao encontro traendo na folla da taioba[145] favos de mel purísimo.

Percorreron os amigos as floridas encostas ata que as sombras da montaña se estenderon polo val. Volveron, entón, ao lugar onde deixaran ao Maranguab.

O vello aínda estaba na mesma actitude, coa cabeza derrubada sobre o peito e os xeonllos dobrados cara á adiante. As formigas subían polo seu corpo, e os tuíns[146] revoaban ao seu redor e pousábanselle na calva.

Poti puxo a man no cranio do vello e soubo que estaba morto; morrera de vello. Entón o xefe pitiguara entoou o canto da morte e despois foi á cabana buscar o camucín, que estaba repleto das castañas do caxu. Martiño contou cinco veces cinco mans.

Entrementres, Iracema apañou no mato a andiroba[147], coa que foi unxindo o corpo do vello no camucín, onde a man piadosa do neto o encerrara. O vaso fúnebre quedou suspenso no teito da cabana.

Despois de plantar a ortiga diante da porta, para defender contra os animais a palloza abandonada, Poti despediuse triste daqueles lugares e volveu cos seus compañeiros á beira do mar.

23

Catro lúas alumearan o ceo desde que Iracema abandonara os campos do Ipu, e tres desde que ela habitaba nas praias do mar a choupana do seu esposo.

A alegría moraba na súa alma. A filla do sertón era feliz, coma a andoriña que abandona o niño dos seus pais e emigra para fabricar un novo niño no país onde comeza a estación das flores. Tamén Iracema atopara nas praias do mar un niño para o seu amor, unha nova patria para o seu corazón.

Percorría as amenas campiñas coma o colibrí voando entre as flores da acacia. A luz da mañá achábaa apoiada no ombro do esposo e sorrindo, coma a enredadeira que entrelaza o tronco e que todas as mañás o coroa de nova grilanda.

Martiño partía para a caza con Poti. Ela afastábase entón del para máis sentir o desexo de volver onda el.

Preto había unha fermosa lagoa no medio da verde campiña. Cara a alá dirixiuse con paso lixeiro a salvaxe. Era a hora do baño da mañá: mergullábase na auga e nadaba coma as garzas brancas e as vermellas xazanáns.

Os guerreiros pitiguaras, que ían por aquelas paraxes, chamábanlle a esa lagoa a da beleza, porque nela se bañaba Iracema, a máis bela filla da raza de Tupá. E desde aquel tempo as nais viñan desde lonxe a mergullar as súas fillas nas augas da Porangaba[148], que tiñan a virtude de volver as virxes fermosas e amadas polos guerreiros.

Despois do baño, Iracema andaba ata as abas da serra do Maranguab, onde nacía o regato dos parrulos. Alí medraban na frescura e na sombra as froitas máis saborosas de todo o país; delas facía abondosa provisión e agardaba, abaneándose nas pólas do maracuxá, que Martiño volvese da caza.

Outras veces non era a Jereraú[149] a onde a levaba a súa vontade senón ao lado oposto, xunto á lagoa da Sapiranga[150], cuxas augas dicían que inflamaban os ollos. Preto de alí había un bosque frondoso de muritis[151], que formaban no medio da chaira unha grande illa de fermosas palmeiras.

A Iracema gustáballe o muritipuá[152], onde o vento suspiraba docemente. Alí espolpaba o coco vermello para fabricar a bebida refrescante, adozada co mel da abella, da que os guerreiros gozaban nas horas máis quentes do día.

Unha mañá Poti levou a Martiño de caza. Camiñaron cara a unha serra que se levantaba ao carón da do Maranguab, a súa irmá. O alto cume cúrvase á semellanza do bico ganchudo da arara[153], polo que os guerreiros lle chamaron Aratanha[154]. Subiron pola encosta da Guaiúba[155], por onde as augas descenden cara ao val, e foron ata o regueiro habitado polas pacas.

Só había sol no bico da arara cando os cazadores descenderon de Pacatuba[156] á chaira. De lonxe viron a Iracema, que viñera esperalos á beira da súa lagoa da

Porangaba. Camiñaba cara a eles co paso altivo da garza que pasea á beira da auga. Por riba da carioba traía un colar de flores da mandioca, que era o símbolo da fecundidade. O colar cinguíalle o colo e adornaba os vigorosos seos palpitantes.

Colleu a man do esposo e púxoa no seu regazo:

—O teu sangue xa vive no interior de Iracema. Ela será a nai do teu fillo!

—Fillo, dis!, exclamou o cristián de xúbilo.

Axeonllouse alí e, cinguíndoa cos brazos, bicou o ventre fecundo da esposa. Cando se ergueu, Poti falou:

—A felicidade de mozo é a esposa e o amigo; a primeira dá alegría, o segundo dá forza. O guerreiro sen esposa é coma a árbore sen follas nin flores; nunca verá o froito. O guerreiro sen amigo é coma a árbore solitaria no medio do campo que o vento balancea; o seu froito nunca madura. A felicidade do varón é a prole, que nace del e lle enche de orgullo. Cada guerreiro que sae das súas veas é unha póla máis que leva o seu nome ás nubes, coma a copa do cedro. Amado de Tupá é o guerreiro que ten unha esposa, un amigo e moitos fillos; el non desexa nada máis agás a morte gloriosa.

Martiño uniu o seu peito ao peito de Poti:

—O corazón do esposo e do amigo falou pola túa boca. O guerreiro branco é feliz, xefe dos pitiguaras, señores das praias do mar, e a felicidade naceu para el na terra das palmeiras, onde recende a vainilla, que foi xerada do sangue da túa raza que ten no rostro a cor do sol. O guerreiro branco non quere outra patria, senón a patria do seu fillo e do seu corazón.

Ao romper o día, Poti partiu para coller as sementes de craxuru[157] que dan a máis bela tinta vermella e mais a casca do anxico[158] de onde sae a cor negra máis lustrosa. De camiño, a súa frecha abateu o pato salvaxe que planaba polo ar e arrincou das súas alas unhas longas plumas. Subindo ao Mocoribe, ruxiu a inubia. O forte vento que viña do mar levou lonxe o rouco son. O bucio dos pescadores do Trairi e a trompeta dos cazadores do Soipé responderon.

Martiño bañouse na auga do río e paseou pola praia para secar o corpo ao vento e ao sol. Ao seu carón ía Iracema, que apañaba o ámbar[159] amarelo que o mar deitaba. Todas as noites a esposa perfumaba o seu corpo e a alba hamaca para que o amor do guerreiro se deitase nela.

Poti regresou.

24

Foi costume da raza filla de Tupá que o guerreiro levase no corpo as cores da súa nación. Trazaban, nun principio, raias negras sobre o corpo, á semellanza do pelo do coatí, de onde procedeu o nome desa arte da pintura guerreira[160]. Despois variaron as cores, e moitos guerreiros acostumaban escribir os emblemas dos seus feitos.

O estranxeiro, adoptando a patria da esposa e do amigo, debía pasar por aquela cerimonia para se converter nun guerreiro vermello, fillo de Tupá. Con esa intención fora Poti a proverse dos obxectos necesarios.

Iracema preparou as tintas. O xefe, enchoupando a punta da pluma, pintou polo corpo os trazos vermellos e negros que ornaban a gran nación pitiguara. Despois pintoulle na fronte unha frecha e dixo:

—Así como a seta traspasa o duro tronco, así a mirada do guerreiro penetra na alma dos pobos.

No brazo, un gabián.

—Así como o anaxé cae das nubes, así cae o brazo do guerreiro sobre o inimigo.

No pé esquerdo, a raíz do coqueiro.

—Así como a pequena raíz agarra na terra o alto coqueiro, o pé firme do guerreiro sustenta o seu corpo.

No pé dereito pintou unha ala.

—Así como a ala da andoriña rompe os aires, así o pé veloz do guerreiro non ten igual na carreira.

Iracema tomou a pluma e pintou unha folla cunha abella sobre ela. A súa voz resoou entre sorrisos:

—Así como a abella fabrica o mel no corazón negro do xacarandá, a dozura está no peito do máis valente guerreiro.

Martiño abriu os brazos e os labios para recibir o corpo e a alma da súa esposa.

—Meu irmán é un gran guerreiro da nación pitiguara; el precisa dun nome na lingua da súa nación.

—O nome de teu irmán está no seu corpo, onde o puxo a túa man.

—Coatiabo![161], exclamou Iracema.

—Ti dixéchelo. Eu son o guerreiro pintado, o guerreiro da esposa e do amigo.

Poti deulle ao seu irmán o arco e o tacape, que son as armas nobres do guerreiro. Iracema tecera para el o cocar e a arazoia[162], adornos dos xefes ilustres.

A filla de Araquén foi buscar á cabana as viandas do festín e mais os viños de xenipapo e de mandioca. Os guerreiros beberon copiosamente e bailaron danzas alegres. Mentres danzaban arredor dos fachos da alegría, resoaban as cancións.

Poti cantaba:

—Como a cobra que ten dúas cabezas nun só corpo, así é a amizade de Coatiabo e de Poti.

Proseguía Iracema:

—Como a ostra que non deixa o rochedo mesmo despois de morta, así é Iracema xunto ao seu esposo.

Os guerreiros dixeron:

—Como o xatobá na selva, así é o guerreiro Coatiabo entre o irmán e a esposa: as súas ramas abrazan as ramas do ubiratán, e a súa sombra protexe a herba humilde.

Os fachos da alegría arderon ata que veu a mañá, e con eles durou o festín dos guerreiros.

25

A alegría aínda morou na cabana todo o tempo que lles levou ás mazarocas de millo amarelecer.

Unha amencer camiñaba o cristián pola beira do mar. A súa alma estaba cansa. O colibrí sáciase de mel e perfume e despois adormece no seu branco niño de algodón ata que volve, outro ano, a lúa das flores[163]. Como o colibrí, a alma do guerreiro tamén se satura de felicidade e carece de sono e de repouso.

As cazas e as excursións polas montañas na compaña do amigo, os aloumiños da tenra esposa que o agardaban á volta ou o doce carbeto[164] no alpendre da cabana xa non producían nel as emocións doutrora. O seu corazón estaba adormecido.

Iracema brincaba pola praia. Os ollos del apartábanse dela para se perderen na inmensidade do mar.

Viron unhas alas brancas que voaban polos campos azuis. O cristián decatouse de que era un gran barco de moitas velas, como os que construían os seus irmáns, e a señardade da terra apertou o seu corazón.

O sol ía alto e o guerreiro na praia seguía cos ollos as alas brancas que fuxían. En balde a esposa o chamou para a choupana, en balde lle ofreceu as súas grazas e mais os froitos mellores do campo. O guerreiro non se moveu ata que a vela se perdeu no horizonte.

Poti volveu da serra, a onde fora por primeira vez só. Deixara a serenidade na fronte do seu irmán e agora atopaba alí tristeza. Martiño saíulle ao encontro:

—O gran barco do branco tapuia pasou polo mar. Os ollos de teu irmán vírono voar cara ás marxes do Mearim, onde están os aliados dos tupinambás[165], inimigos da túa e da miña raza.

—Poti é señor de mil arcos. Se é o teu desexo, el acompañarate cos seus guerreiros ata as beiras do Mearim para vencer o tapuitinga e o seu amigo, o traidor tupinambá.

—Cando sexa o tempo, teu irmán avisarate.

Os guerreiros entraron na choza, onde estaba Iracema. As harmoniosas cancións enmudeceran ese día nos labios da esposa. Ela tecía, suspirando, a franxa da hamaca materna, máis longa e espesa cá hamaca do casamento.

Poti, que a viu tan ocupada, falou:

—Cando a sabiá canta é o tempo do amor, cando enmudece fabrica o niño para a súa prole; é o tempo do traballo.

—Meu irmán fala coma a ra cando anuncia a chuvia, mais a sabiá que fai o seu niño ignora se durmirá nel.

A voz de Iracema xemía. Os seus ollos buscaron o esposo. Martiño pensaba; as palabras de Iracema pasaron por el coma a brisa pola cara lisa da rocha, sen eco nin rumores.

O sol brillaba sempre sobre as praias do mar e as areas reflectían os raios ardentes, pero nin a luz que viña do ceo nin a luz que saía da terra afastaron a sombra da alma do cristián. Cada vez o crepúsculo era maior na súa fronte.

Chegou das marxes do Acaraú un guerreiro pitiguara, mandado por Xacaúna á procura do seu irmán Poti. Veu seguindo o rastro dos viaxantes ata o Trairi, onde os pescadores o guiaron ata a cabana.

Poti estaba só no alpendre. Ergueuse e inclinou a cabeza para escoitar con respecto e gravidade as palabras que lle mandaba o seu irmán pola boca do mensaxeiro:

—O tapuitinga, que estaba no Mearim, veu pola selva ata o principio da Ibiapaba, onde se aliou con Irapuá para combater a nación pitiguara. Agora descenderán desde a serra ata as marxes do río no que beben as garzas e onde ti construíches a taba dos teus guerreiros. Xacaúna chámate para defender os campos dos nosos pais. O teu pobo carece do seu maior guerreiro.

—Volve ás marxes do Acaraú e que o teu pé non descanse ata que non pise o chan da cabana de Xacaúna. Cando esteas alí, dille ao gran xefe: “teu irmán chegou á taba dos seus guerreiros”. E non mentirás.

O mensaxeiro partiu.

Poti empuñou as súas armas e camiñou cara á varcia, guiado polo paso de Coatiabo. Atopouno moito máis alá vagando entre os canedos que bordean as beiras do Jacareí.

—O branco tapuia está na Ibiapaba para axudar os tabaxaras a combater contra Xacaúna. Teu irmán corre a defender a terra dos seus fillos e a taba onde dormen os camucíns dos seus pais. El saberá vencer de présa para volver á túa presenza.

—Teu irmán parte contigo. Nada separa dous guerreiros amigos cando retumba a inubia da guerra.

—Es grande coma o mar e bo coma o ceo.

Os dous amigos abrazáronse e puxeron o rostro para a banda do nacente.

26

Camiñando, camiñando, chegaron os guerreiros á beira dun lago que había na chaira. O cristián parou de súpeto e volveu o rostro para o lado do mar: a tristeza saíu do seu corazón e subiulle á face.

—Meu irmán, dixo o xefe, o teu pé botou raíces na terra do amor. Volve; Poti regresará en breve.

—Teu irmán acompáñate, dixo el, e a súa palabra é coma a seta do teu arco: cando soa, xa chegou.

—Queres que Iracema te acompañe ata as marxes do Acaraú?

—Nós imos combater cos seus irmáns. A taba dos pitiguaras non terá para ela máis ca tristeza e dor. A filla dos tabaxaras debe quedar.

—Que esperas entón?

—Teu irmán aflíxese porque a filla dos tabaxaras pode quedar triste e abandonar a cabana sen agardar pola súa volta. Antes de partir, el quererría sosegar o espírito da esposa.

Poti reflexionou:

—As bágoas da muller amolecen o corazón do guerreiro, coma o orballo da mañá amolece a terra.

—Meu irmán é sabio. O esposo debe partir sen ver a Iracema.

O cristián avanzou. Poti pediulle que lle agardase. Da alxaba de setas que Iracema enfeitara de plumas vermellas e negras, e pendurara do ombro do esposo, sacou unha. O xefe pitiguara tensou o arco; a seta atravesou un goiamun[166] que vagaba pola beira do lago e só parou cando a pluma non a deixou penetrar máis.

Chantou o guerreiro no chan a frecha coa presa atravesada, e mirou para Coatiabo:

—Agora podes partir. Iracema seguirá o teu rastro. Ao chegar aquí verá a túa seta e obedecerá á túa vontade.

Martiño sorriu, e crebando unha poliña do maracuxá, a flor da lembranza, entrelazouna na hasta da seta e partiu, por fin, seguido de Poti.

Axiña desapareceron os dous guerreiros entre as árbores. A calor do sol xa secara os seus pasos na beira do lago. Iracema, inquieta, veu pola varcia seguindo o rastro do esposo ata a chaira. As sombras doces vestían os campos cando ela chegou á beira do lago. Os seus ollos viron a seta espetada no chan, o goiamun traspasado, a póla partida, e enchéronse de pranto.

—El manda que Iracema ande para atrás, coma o goiamun, e garde a súa lembranza, coma o maracuxá garda a súa flor todo o tempo ata morrer.

A filla dos tabaxaras desfixo os seus pasos lentamente, sen volver o corpo nin sacar os ollos da seta do seu esposo, e volveu á cabana. Alí sentada na soleira, coa fronte nos xeonllos, agardou ata que o sono calmou a dor do seu peito.

Apenas abriu o día, marchou rápida para a lagoa e axiña chegou á beira. A frecha estaba alí como na véspera: o esposo non regresara.

Desde aquela á hora do baño, en vez de buscar a lagoa da beleza, onde noutrora tanto lle prestaba nadar, camiñaba para aquela onde o seu esposo a abandonara. Sentaba onda a frecha ata que chegaba a noite; entón se recollía para a cabana.

Tan rápida partía de mañá como lenta volvía á tarde. Os mesmos guerreiros que a viran alegre nas augas da Poranga, agora véndoa triste e soa, coma a garza viúva na marxe do río, chamáronlle a aquela lagoa A Mocejana[167], a abandonada.

Unha vez, cando a fermosa filla de Araquén se lamentaba á beira da lagoa da Mocejana, unha voz estridente gritou o seu nome desde o alto da carnaúba:

—Iracema...!, Iracema..!

Ergueu os ollos e viu entre as follas da palmeira a súa linda xandaia, que batía as alas e encrespaba as plumas co pracer de vela.

A lembranza da patria, apagada polo amor, rexurdiu no seu pensamento. Viu os fermosos campos do Ipu, as encostas da serra onde nacera, a choupana de Araquén, e tivo saudade; así e todo, mesmo naquel instante, non se arrepentiu de os ter abandonado.

Os seus labios comezaron a cantaruxar. A xandaia, estendendo as alas, voou ao seu redor e pousou no seu ombro. Alongando aloumiñeira o colo, co negro bico alisoulle os cabelos e beliscoulle a boca vermella coma se fose unha pitanga[168].

Iracema lembrouse de que fora ingrata coa xandaia ao esquecela no tempo da felicidade; e agora ela viña para consolala no tempo da desventura.

Esa tarde non volveu soa á cabana. Durante o día os seus áxiles dedos teceron o fermoso uru de palla, que forrou da felpa branda da monguba[169], para agasallar a súa compañeira e amiga.

No seguinte amencer foi a voz da xandaia quen a espertou. A fermosa ave non volveu deixar a súa señora, ben porque despois da longa ausencia non se fartase de vela, ben porque adiviñase que ela precisaba de compaña na súa triste soidade.

27

Unha tarde Iracema viu de lonxe dous guerreiros que avanzaban polas praias do mar. O seu corazón palpitou con présa. Un instante despois, ela esquecía nos brazos do esposo tantos días de soidade e de abandono que pasara na solitaria cabana. Outra volta a súa graza enchera os ollos do cristián. A alegría volveu habitar na súa alma.

Como a seca varcia coa vinda da neboeira reverdece e cóbrese de flores, a fermosa filla do sertón coa volta do esposo reanimouse e a súa beleza enfeitouse de meigos e tenros sorrisos.

Martiño e mais o seu irmán chegaran á taba de Xacaúna cando soaba a inubia. Eles guiaron ao combate os mil arcos de Poti. De novo esa vez, malia a alianza dos brancos tapuias do Mearim, os tabaxaras foron vencidos polos valentes pitiguaras.

Nunca tan disputada vitoria e tan cruenta pugna tivo lugar nos campos que regan o Acaraú e o Camucín. O valor era igual nas dúas partes e ningún dos dous pobos sería vencido se o deus da guerra non decidise darlles estas rexións á raza do guerreiro branco, aliada dos pitiguaras.

Logo da vitoria o cristián volveu ás praias do mar, onde construíra a súa cabana. De novo sentiu na súa alma a sede do amor e tremía ao pensar que Iracema puidese ter partido, deixando ermo aquel sitio tan poboado outrora pola felicidade.

O cristián amou outra vez a filla do sertón como a primeira vez, e semellaba que o tempo non puidera esgotar o corazón. Así e todo, breves soles abondaron para murchar aquelas flores nun corazón exiliado da patria.

O imbu[170], fillo da serra, se naceu na varcia, porque o vento ou as aves trouxeron a semente, pode medrar se atopa voa terra e fresca sombra, e se cadra un día se cobre de verde follaxe e florece, mais abonda un sopro de mar para que todo murche; as follas caen ao chan e as flores lévaas a brisa.

Coma o imbu na varcia era o corazón do guerreiro branco na terra salvaxe. A amizade e mais o amor acompañárono e sostivérono algún tempo, mais agora, lonxe da súa casa e dos seus irmáns, sentiuse nun ermo. O amigo e a esposa non chegaban para satisfacer a súa existencia, chea de grandes e nobres ambicións.

Pasaba os antes tan breves e agora tan longos soles na praia, oíndo xemer o vento e saloucar as ondas. Os ollos, mergullados na inmensidade do horizonte, buscaban en balde discernir no azul diáfano a albura dunha vela perdida nos mares.

A pouca distancia da cabana, elevábase á beira do océano un alto outeiro de area. Pola semellanza coa cabeza do crocodilo, os pescadores chamábanlle Jacarecanga[171]. Do seo das brancas areas escaldadas polo ardente sol manaba unha auga fresca e pura, así como a dor destila lágrimas doces de alivio e consolo.

A ese monte subía o cristián e alá ficaba cismando no seu destino. Ás veces víñalle á mente a idea de volver á súa terra cos seus, mais el sabe que Iracema o acompañará, e iso remórdelle o corazón. Cada paso máis que afaste á filla dos tabaxaras, agora que non ten o niño do seu corazón para abrigarse, é un anaco de vida que lle rouba.

Poti sabe que Martiño desexa estar só, e afástase discreto. O guerreiro sabe o que aflixe a alma do seu irmán, e só agarda que pase o tempo, porque só o tempo endurece o corazón do guerreiro, coma a cerna do xacarandá.

Iracema tamén foxe dos ollos do esposo, porque percibiu que eses ollos tan amados se turban coa vista dela e, no canto de se encheren coa súa beleza como noutrora, apártana del. Mais os ollos dela non se cansan de acompañar, á parte e de lonxe, o guerreiro señor que os cativou.

Ai dela...! Acusou o golpe no corazón e, coma a copaíba[172] ferida na cerna, destila bágoas a eito.

28

Unha vez o cristián oíu dentro da súa alma o salaio de Iracema; os seus ollos buscárona e non a viron.

A filla de Araquén estaba lonxe, entre as verdes matas de ubaia[173], sentada na herba. O pranto corría pola súa fermosa cara e as pingas, que rodaban unha a unha, caíanlle sobre o regazo onde xa palpitaba e medraba o fillo do amor, así como caen as follas da árbore vizosa antes que madureza o froito.

—Que é o que fai brotar as bágoas do corazón de Iracema?

—Chora o caxueiro[174] cando queda o tronco seco e triste. Iracema perdeu a súa felicidade desde que te separaches dela.

—Non estou xunto a ti?

—O teu corpo está aquí, mais a túa alma voa á terra dos teus pais e busca a virxe branca que te espera.

A Martiño doeulle. Os grandes ollos negros que a indiana pousara nel ferírano no corazón.

—O guerreiro branco é o teu esposo; el perténceche.

A fermosa tabaxara sorriu con tristeza:

—Canto tempo hai que retiraches a Iracema do teu espírito? Antes o teu paso guiábate para as frescas serras e as alegres chairas; ao teu pé gustáballe pisar a terra da felicidade e seguir o rastro da esposa. Agora só buscas as praias ardentes, porque o mar que alá resoa vén dos eidos onde naciches, e o outeiro das areas, porque desde o alto se albisca o barco que pasa.

—É a ansia de combater ao tupinambá o que volve o paso do guerreiro para as beiras do mar, respondeu o cristián.

Iracema continuou:

—Os teus labios secaron para a esposa, coma a cana cando arden os días perde o grato mel e as follas murchas non poden xa brincar cando pasa a brisa. Agora só lle falas ao vento da praia para que el leve a túa voz á cabana dos teus pais.

—A voz do guerreiro branco chama polos seus irmáns para defender a cabana de Iracema e a terra do seu fillo cando veña o inimigo.

A esposa meneou a cabeza:

—Cando ti pasas pola chaira, os teus ollos foxen do froito do xenipapo e procuran a flor do espiñeiro. A froita é saborosa, mais ten a cor dos tabaxaras, mentres que a flor ten a brancura da face da virxe branca. Sen cantan as aves, o teu oído non quere xa escoitar o doce canto da graúna[175], pero a túa alma ábrese para o grito do xapín[176], porque ten as plumas douradas coma os cabelos daquela á que amas!

—A tristeza escurece a vista de Iracema e amarga as súas palabras, mais a alegría volverá á alma da esposa como volve á arbore a verde folla.

—Cando o teu fillo deixe o seo de Iracema ela morrerá, coma o arroz despois de dar o seu froito. Entón o guerreiro branco non terá xa a ninguén que o prenda en terra estranxeira.

—A túa voz queima, filla de Araquén, coma o vento que vén dos sertóns do Icó[177] no tempo das grandes calores. Queres abandonar o teu esposo?

—Ven os teus ollos alá o fermoso xacarandá, que sobe ata as nubes? Aos seus pés aínda está a seca raíz da frondosa mirta, que todos os invernos se cubría de follas e de bagos vermellos para abrazar o tronco irmán. Se ela non morrese, o xacarandá non tería sol suficiente para medrar a aquela altura. Iracema é a folla escura[178] que ensombrece a túa alma. Ela debe caer para que a alegría alumee no teu corazón.

O cristián cinguiu o van da fermosa indiana e estreitouna no seu peito. Os seus labios levaron aos labios da esposa un bico, mais un bico áspero e amargo.

29

Poti volveu do baño. Segue pola area o rastro de Coatiabo e sobe ata o alto da Jacarecanga. Alí atopa o guerreiro en pé no curuto do monte, cos ollos perdidos no extenso mar e os brazos abertos. Volve o pitiguara a vista e descobre un gran barco que vén sucando os verdes mares impelido polo vento.

—É o gran barco dos irmáns do meu irmán que veñen buscalo!

O cristián suspirou:

—Son os guerreiros brancos inimigos da miña raza que buscan a valente nación pitiguara para a vinganza. Eles foron derrotados xunto aos tabaxaras nas marxes do Camucín. Agora veñen cos seus amigos os tupinambás polo camiño do mar.

—Meu irmán é un gran xefe. Que pensa el que debe facer o seu irmán Poti?

—Fala cos cazadores de Soipé e cos pescadores do Trairi. Nós iremos ao seu encontro.

Poti espertou a voz da inubia, e os dous guerreiros partiron para o Mocoribe. Pouco máis alá viron os guerreiros de Jaguaraçu e de Camoropim que corrían ao grito de guerra. O irmán de Xacaúna avisounos da vinda do inimigo.

O gran maracatín[179] corre nas ondas ao longo da costa que se estende ata as marxes do Parnaíba. A lúa comezaba a medrar cando deixou as augas do Mearim, pois ventos contrarios arrastrárano a mar aberto, moi lonxe do seu destino.

Os guerreiros pitiguaras, para non espantar o inimigo, agóchanse entre os caxueiros e van seguindo pola praia o gran barco. Durante o día avultan as brancas velas, de noite os fachos atravesan a negrura do mar coma vagalumes perdidos no bosque.

Moitos soles camiñaron así. Pasaron o Camucín e, finalmente, pisaron as lindas ribeiras da baía dos papagaios[180]. Poti manda un guerreiro ao gran Xacaúna e prepárase para o combate. Martiño, que subira ao outeiro de area, ve que o maracatín acaba de recollerse na enseada e avisa o seu irmán.

O sol xa naceu. Os guerreiros guaraciabas[181] e os tupinambás, os seus amigos, voan sobre as ondas nas lixeiras piraguas e desembarcan na praia. Forman un grande arco e avanzan coma o cardume do peixe cando corta a corrente do río. No centro están os guerreiros de fogo, os que traen o raio. Nos flancos os guerreiros do Mearim, que branden o tacape.

Mais ningunha nación xamais manexou o arco certeiro coma a gran nación pitiguara, e Poti é o maior xefe de cantos xefes empuñaron a inubia guerreira. Ao seu carón camiña o seu irmán, tan gran xefe coma el e coñecedor das mañas da raza branca dos cabelos do sol.

Durante a noite os pitiguaras espetan na praia a forte caizara[182] de espiño e levantan contra ela un muro de area, onde o raio arrefría e apágase. Aí agardan polo inimigo. Martiño manda que outros guerreiros suban á copa dos máis altos cocos. Alí, defendidos polas longas palmas, esperan o momento do combate.

A seta de Poti foi a primeira que partiu, e o xefe dos guaraciabas o primeiro heroe que mordeu o po da terra estranxeira. Roxen os tronos nas mans dos guerreiros brancos, mais os raios que despiden se mergullan na area ou se perden no ar. As setas dos pitiguaras xa caen do ceo, xa voan da terra, e crávanse todas no inimigo. Cada guerreiro cae atravesado por moitas frechas, como a presa que as pirañas disputan nas augas do lago.

Os inimigos embarcan outra vez nas piraguas e regresan ao maracatín á procura dos grandes e pesados tronos, que nin un home só nin dous poden manexar.

Cando volven, o xefe dos pescadores, que nada nas augas do mar coma o veloz camorupín, do que tomou o nome, lánzase ás ondas e mergúllase. Aínda a escuma non se apagara e xa a piragua inimiga se afundira parecendo que a tragase unha balea.

Veu a noite, e trouxo o repouso.

Ao romper o día, o maracatín fuxía no horizonte cara ás marxes do Mearim. Xacaúna chegou xa non para o combate pero si para o festín da vitoria.

Nesa hora en que o canto guerreiro dos pitiguaras celebraba a derrota dos guaraciabas, o primeiro fillo que o sangue da raza branca xerara nesa terra de liberdade vía a luz nos campos da Porangaba.

30

Iracema coidou que o seu interior se rompía, e buscou a beira do río onde medraba o coqueiro. Apertou contra ela a vara dunha palmeira. A dor lacerou as súas entrañas. Porén, axiña o choro infantil inundou todo o seu ser de xúbilo. A nova nai, orgullosa de tanta ventura, tomou o tenro fillo nos brazos e con el meteuse nas augas límpidas do río. Despois, púxoo na teta cariñosa; os seus ollos, entón, envolvérono de tristeza e amor.

—Ti es Moacir, o nacido do meu sufrimento[183].

A ará, pousada no furado do coqueiro, repetiu "Moacir", e desde entón a ave amiga no seu canto uniu ao nome da nai o nome do fillo.

O inocente durmía; Iracema suspiraba:

—A xati fabrica o mel no tronco oloroso do sasafrás[184]. Voa toda a lúa de flor en flor, apañando o seu zume para encher os favos, mais ela non proba a súa dozura porque a irara[185] devora nunha noite toda a colmea. Túa nai tampouco, fillo da miña angustia, non beberá nos teus labios o mel do sorriso.

A nai moza pasou polos ombreiros a larga faixa[186] de brando algodón, que fabricara para levar o fillo sempre unido ao flanco, e seguiu pola area o rastro do esposo, que partira había tres soles. Ela camiñaba docemente para non espertar o bebé, adormecido coma o paxariño baixo a ala materna.

Cando chegou a carón do grande outeiro das areas, viu que o rastro de Martiño e Poti seguía ao longo da praia, e adiviñou que eles partiran para a guerra. O seu corazón suspirou, mais os seus ollos secos buscaron a cariña do fillo.

Vira o rostro cara ao Mocoribe:

—Ti es o outeiro da alegría, mais para Iracema non tes senón tristeza.

Volvendo, a recente nai pousou a criatura, sempre durmida, na hamaca do seu pai, viúva e solitaria no medio da cabana. Ela deitouse no chan, na esteira onde repousaba desde que os brazos do esposo non se abriron máis para recibila.

A luz da mañá entraba pola cabana, e Iracema viu entrar con ela a sombra dun guerreiro. Caubi estaba en pé na porta.

A esposa de Martiño ergueuse dun chimpo e saltou cara a adiante para protexer o seu fillo. O seu irmán mirou para a hamaca e para ela cuns ollos tristes, e falou coa voz aínda máis triste:

—Non foi a vinganza a que arrincou ao guerreiro Caubi dos campos dos tabaxaras; el xa perdoou. Foi a vontade de ver a Iracema, que trouxo consigo toda a súa alegría.

—Daquela benvido sexa o guerreiro Caubi á cabana do seu irmán, respondeu a esposa abrazándoo.

—O nacido do teu seo dorme nesta hamaca; aos ollos de Caubi gustaríalles velo.

Iracema abriu a franxa de plumas e mostrou a linda faciana do bebé. Caubi, despois de contemplalo moito tempo, dixo entre risos:

—El chuchouche a alma[187].

E bicou nos ollos da nai a imaxe do neno, que non se atrevera a tocar polo receo de ofender.

A voz trémula da filla resoou:

—Aínda vive Araquén sobre a terra?

—Pena aínda. Despois de que ti o deixaches, a súa cabeza inclinouse cara ao peito e non se ergueu máis.

—Dille que Iracema xa está morta, para que el se console.

A irmá de Caubi preparou a refección do guerreiro, e armou no alpendre a hamaca da hospitalidade para que el repousase das fatigas da xornada. Cando o viaxante satisfixo o apetito, ergueuse e falou con estas palabras:

—Dime onde está o teu esposo e meu irmán, para que o guerreiro Caubi lle dea o abrazo da amizade.

Os labios lamentosos da pobre esposa movéronse coma os pétalos do cacto que un sopro machuca, e quedaron mudos, mais os ollos debulláronse en lágrimas que caeron coma bagas. O rostro de Caubi anubrouse:

—Teu irmán pensaba que a tristeza quedara nos campos que abandonaches porque trouxeras contigo todo o riso dos que te amaban!

Iracema secou os ollos:

—O esposo de Iracema partiu co guerreiro Poti para as praias de Acaraú. Antes de que tres soles alumeen a terra, el volverá, e con el a alegría á alma da esposa.

—O guerreiro Caubi agardarao para saber o que fixo co sorriso que moraba nos teus labios.

A voz do tabaxara enrouquecera. O seu paso inquieto moveuse ás toas pola cabana.

31

Iracema cantaba docemente, abalando a hamaca para durmir o neno.

A area da praia crepitou baixo o pé forte e rixo do guerreiro tabaxara que viña do mar logo dunha abondosa pesca.

A nai nova cruzou as franxas da hamaca para que as moscas non inquietasen o sono do fillo, e foi ao encontro do irmán:

—Caubi vai regresar ás montañas dos tabaxaras!, dixo con brandura.

O guerreiro entristeceuse:

—Despides a teu irmán da cabana para que el non vexa a tristeza que a enche.

—Araquén tivo moitos fillos na súa mocidade: uns foron á guerra e morreron como valentes, outros escolleron unha esposa e xeraron, á súa vez, numerosa prole. Fillos da súa vellez, Araquén só tivo dous. Iracema é para el coma a rula que o cazador tirou do niño. Só lle queda o guerreiro Caubi ao vello paxé para soster o seu corpo abatido e guiar o seu paso trémulo.

—Caubi partirá cando a sombra se afaste do rostro de Iracema.

—Como vive a estrela da noite, vive Iracema na súa tristeza. Só os ollos do esposo poden apagar a sombra no seu rostro. Parte, para que eles non se turben coa túa vista.

—Teu irmán parte para agradar a túa vontade, mais el volverá todas as veces que o caxueiro floreza para sentir no seu corazón o fillo do teu ventre.

Entrou na choza. Iracema sacou o neno da hamaca e ambos, nai e fillo, palpitaron sobre o peito do guerreiro tabaxara. Despois, Caubi cruzou a porta e sumiuse entre as árbores.

Iracema, arrastrando o seu paso trémulo, acompañouno de lonxe ata que o perdeu de vista entre a follaxe do mato. Alí parou. Cando o grito da xandaia asemade co choro infantil a chamaron para a cabana, a area fría onde ela estivera sentada gardou o segredo do pranto que absorbera. A nai puxo o fillo na teta, mais a boca infantil non enmudeceu. O leite escaso non enchía o peito. O sangue da infeliz diluíase todo nas bágoas incesantes que ollos non esgotaban; ningún chegaba aos seos, onde se forma o primeiro licor da vida.

Disolveu a branca carimán[188] e preparou no lume o papa para nutrir o fillo. Cando o sol dourou a crista dos montes, partiu para o bosque levando no colo o bebe adormecido. Na espesura do bosque está o leito da irara ausente; os tenros cachorriños gruñen enrolándose uns sobre outros. A fermosa tabaxara aproxímase devagar. Prepara para o fillo un berce da branda follaxe do maracuxá, e séntase preto. Pon no regazo, un por un, os fillos da irara e déixalles os seos delicados, cuxas mamilas vermellas coma a pitanga untou co mel da abella. Os cachorriños famentos precipítanse larpeiros e zugan os peitos avaros de leite.

Iracema sente dor como nunca sentiu. Semella que lle chuchan a vida, mais os peitos vanse inchando. Finalmente, énchense e o leite, aínda avermellado polo sangue, brota.

A feliz nai aparta dela os cachorriños e, chea de xúbilo, mata a fame do fillo. El é agora dúas veces fillo da súa dor, nacido dela e tamén nutrido.

A filla de Araquén sentiu, ao final, que as súas veas se estancaban e, non obstante, os labios amargos de tristeza rexeitaban o alimento que debía restaurarlle as forzas. O xemido e o suspiro secaran, xunto ao sorriso, o sabor na súa boca fermosa.

32

Descende o sol.

Xapi sae do bosque e corre para a porta da cabana.

Iracema, sentada co fillo no colo, báñase nos raios do sol e sente o frío arrepiarlle o corpo. Vendo o animal, fiel mensaxeiro do esposo, a esperanza reanimou o seu corazón. Quixo erguerse para ir ao encontro do seu guerreiro e señor, mais os membros débiles recusaron a súa vontade.

Caeu desfalecida contra o esteo. Xapi lambíalle a man desfalecida e brincaba, traveso, para facer sorrir o neno, ceibando uns doces ladridos de pracer. Por veces, afastábase para correr ata o principio da vexetación e ladrar chamando polo señor; logo, regresaba á cabana para facerlles festas á nai e mais ao fillo. Nesa altura pisaba Martiño os campos amarelos de Tauape[189] e o seu irmán Poti, o inseparable, camiñaba ao seu lado.

Había oito lúas que deixaran as praias de Jacarecanga. Despois de vencidos os guaraciabas na baía dos papagaios, o guerreiro cristián quixo partir para as marxes do Mearim, onde habitaba o estranxeiro aliado dos tupinambás.

Poti e os seus guerreiros acompañárono. Despois de cruzaren o brazo corrente do mar que vén da serra de Tanatinga e baña as varcias onde se pesca o piau[190], viron, por fin, as praias do Mearim e a vella taba[191] do bárbaro tapuia.

A raza dos cabelos do sol cada vez gañábase máis a amizade dos tupinambás. Medraba o número dos guerreiros brancos que xa levantaran na illa a grande itaoca[192] para despedir o raio.

Cando Martiño viu o que desexaba, volveu aos campos da Porangaba, que agora percorre. Xa oe o son rouco do mar nas praias do Mocoribe, xa lle bafexa no rostro o sopro vivo das ondas do océano.

Canto máis o seu paso o achega á cabana, máis se volve lento e pesado. Ten medo de chegar, e sente que a súa alma vai sufrir cando os ollos tristes e magoados da esposa entren nela.

Hai moito que a palabra fuxiu dos seus labios. O amigo respecta este silencio, que entende ben. É o silencio do río cando pasa polos lugares profundos e sombríos.

Así que os dous guerreiros tocaron as beiras do río, oíron os ladridos do can, que os chamaba, e o grito da ará, que se lamentaba. Estaban moi próximos á cabana, apenas oculta por unha lingua de vexetación. O cristián parou e botou a man ao peito para refrear o seu corazón, que choutaba coma o poraqué[193].

—O ladrido de Xapi é de alegría, dixo o xefe.

—Porque chegou; mais a voz da xandaia é de tristeza. Atopará o guerreiro ausente a paz no corazón da esposa solitaria, ou terá a señardade matado nas súas entrañas o froito do amor?

O cristián camiñou vacilante. De súpeto, entre as pólas das árbores, os seus ollos viron, sentada na porta da cabana, a Iracema co fillo no colo e o can a brincar. O seu corazón arrastrouno dun golpe e toda a alma lle estalou nos labios:

—Iracema...!

A triste esposa e nai entreabriu os ollos ao oír a voz amada. Cun grande esforzo, puido erguer o fillos nos brazos e presentarllo ao pai, que miraba para el extático de amor.

—Recibe o fillo do teu sangue. Chegaches a tempo, pois os meus peitos ingratos xa non tiñan alimento para darlle!

Pousando o neno nos brazos paternos, a desventurada nai desfaleceu como a xetica[194] se lle arrincan o bulbo. O esposo viu, entón, como a dor murchara o seu belo corpo, mais a fermosura aínda moraba nela coma o perfume na flor caída do manacá[195].

Iracema non se ergueu máis da hamaca onde a pousaran os aflitos brazos de Martiño. O tenro esposo, no que o amor renacera co xúbilo paterno, cubriuna de caricias que encheron a súa alma de alegría, mais non a puideron tornar á vida: o estame da súa flor rompera.

—Enterra o corpo da túa esposa ao pé do coqueiro que amaches. Cando o vento do mar sopre nas follas, Iracema pensará que é a túa voz a que fala entre os seus cabelos.

Os seus labios enmudeceron para sempre; o último brillo despediuse dos seus ollos apagados.

Poti amparou o irmán na súa gran dor. Martiño sentiu canto é prezado un amigo verdadeiro na desventura. É coma o outeiro que protexe do vendaval o tronco forte e robusto do ubiratán cando o corroe o cupín[196].

O camucín recibiu o corpo de Iracema, cuberto de resinas odoríferas, e foi soterrado ao pé do coqueiro, á beira do río. Martiño quebrou unha póla de mirta, a folla da tristeza, e deitouna no cadaleito da súa esposa.

A xandaia, pousada no burato da palmeira, repetía tristemente:

—Iracema...!

Desde entón os guerreiros pitiguaras, que pasaban preto da cabana abandonada e oían resoar a voz queixosa da ave amiga, afastábanse, coa alma chea de tristeza, do coqueiro onde cantaba a xandaia.

E foi así que un día veu a chamarse Ceará o río onde medraba o coqueiro e os campos polos que este río serpea.

33

O caxueiro floreceu catro veces despois de que Martiño partiu das praias do Ceará, levando no fráxil barco o fillo e o can fiel. A xandaia non quixo deixar a terra onde repousa a súa amiga e señora.

O primeiro cearense, aínda no berce, emigraba xa da terra patria. Habería aí a predestinación dunha raza?

Poti, cos seus guerreiros, agardaba na marxe do río. O cristián prometéralle volver. Todas as mañás subía ao outeiro das areas e fixaba os ollos no mar a ver se branqueaba, ao lonxe, a vela amiga.

Finalmente, volve Martiño de novo ás terras que foron da súa felicidade e son, agora, de amarga saudade. Cando o seu pé sentiu a calor das brancas areas, derramouse por todo o seu ser un lume ardente que lle queimou o corazón: era o lume das lembranzas acesas.

A chama só aplacou cando tocou a terra onde durmía a súa esposa, porque nese instante o seu corazón transpirou, coma o tronco do xatobá nas ardentes calores, e refrescou a súa pena con bágoas abundantes.

Moitos guerreiros da súa raza acompañaron o xefe branco para fundar con el a mairi[197] dos cristiáns. Veu tamén un sacerdote da súa relixión, de negras vestiduras, para plantar a cruz na terra salvaxe.

Poti foi o primeiro que se axeonllou ao pé da sagrada madeira. Non soportaba que nada máis o separase do seu irmán branco, por iso quixo que tivesen ambos un só deus, como tiñan un só corazón. Co bautismo recibiu o nome do santo do día e o do rei, a quen ía servir, e despois dos dous o seu na lingua dos seus novos irmáns. A súa fama creceu e aínda hoxe é o orgullo da terra onde el naceu.

A mairi que Martiño ergueu á beira do río, nas praias do Ceará, medrou. A palabra do deus verdadeiro xermolou na terra salvaxe, e o bronce sagrado resoou nos vales onde antes ruxía a maraca.

Xacaúna veu vivir aos campos da Porangaba para estar preto do seu amigo branco. Camarón[198] asentou a taba dos seus guerreiros nas marxes da Mocejana.

Tempo despois, cando veu Albuquerque[199], o gran xefe dos guerreiros brancos, Martiño e Camarón partiron para as marxes do Mearim a castigar o feroz tupinambá e a expulsar o branco tapuia.

Era sempre con fonda emoción como o esposo de Iracema vía as terras onde fora tan feliz e as verdes follas a cuxa sombra durmía a fermosa tabaxara.

Moitas veces ía sentar naquelas doces areas para cismar e sosegar no peito a aceda saudade.

As xandaias cantaban aínda no burato do coqueiro, mais non repetían xa o doce nome de Iracema.

Todo pasa sobre a terra.

Argumento histórico

En 1603, Pero Coelho, home nobre do Paraíba, partiu como capitán maior de descuberta, levando unha forza de 80 colonos e 800 indios. Chegou á foz do Jaguaribe e alí fundou o poboado que tivo o nome de Nova Lisboa. Foi ese o primeiro establecemento colonial do Ceará.

Como Pero Coelho se viu abandonado polos seus socios, mandáronlle a João Soromenho con axuda. Ese oficial, autorizado a facer cativos como indemnización polos gastos, non respectou os propios indios do Jaguaribe, amigos dos portugueses. Iso foi a causa da ruína do novo poboado. Os colonos retiráronse, por cousa das hostilidades dos indíxenas, e Pero Coelho quedou desamparado e foi obrigado a volver a Paraíba por terra, coa súa muller e cos seus fillos pequenos.

Na primeira expedición foi, do Río Grande do Norte, un mozo de nome Martim Soares Moreno, que se uniu en amizade con Jacaúna, xefe dos indios do litoral, e co seu irmán Poti. En 1608, por orde de D. Diogo Meneses, retomouse a colonización daquela capitanía, o que se levou a cabo fundando o presidio da Nosa Señora do Amparo en 1611.

Jacaúna, que habitaba nas marxes do Acaracu, veu establecerse coa súa tribo nas proximidades da nova poboación a fin de protexela dos indios do interior e dos franceses que inzaban a costa.

Poti recibiu no bautismo o nome de Antônio Felipe Camarão, e adquiriu gloria na guerra holandesa. Os seus servizos foron remunerados co foro de fidalgo, a comenda de Cristo e mais o cargo de capitán maior dos indios.

Martim Soares Moreno chegou a mestre de campo e foi un dos excelentes comandantes portugueses que liberaron Brasil da invasión holandesa. O Ceará debe honrar a súa memoria como insigne varón e o seu verdadeiro fundador, xa que o primeiro poboado na foz do río Jaguaribe foi, tan só, unha tentativa frustrada.

Este é o argumento histórico da lenda; en notas a pé de páxina indícase algunha outra información procedente dos cronistas daquel tempo.

Hai unha cuestión histórica relativa a este asunto; estoume a referir á patria de Camarón, que un escritor pernambucano quixo poñer en dúbida, quitándolle a gloria ao Ceará para darlla á súa provincia.

Este punto, por outra parte soamente contestado nos tempos modernos polo señor comendador Melo nas súas *Biografías*, paréceme suficientemente elucidado despois da erudita carta do Sr. Basílio Quaresma Torreão, publicada no *Mercantil* núm. 26, de 26 de xaneiro de 1860, na segunda páxina.

Con todo, farei, finalmente, unha observación.

En primeiro lugar, a tradición oral é unha fonte importante da Historia e mesmo, ás veces, a máis pura e verdadeira. Así, na provincia do Ceará, en Sobral, non só se contaban entre a xente do pobo noticias do Camarão senón que existía unha vella muller que dicía ser sobriña del. Esa tradición foi recollida por diversos escritores, entre eles o conspicuo autor da *Corografía Brasílica.*

O autor do *Valeroso Lucideno* é, dos antigos, o único que afirma que Camarão era fillo de Pernambuco. Non obstante, ademais de contar esa aserción coa versión contraria doutros escritores de prestixio, cómpre destacar que Berredo explica perfectamente o dito por aquel escritor cando fala da expedición de Pero Coelho de Souza a Jaguaribe: “sitio naquel tempo, e tamén no de hoxe, da xurisdición de Pernambuco”.

Hai outro punto que cómpre esclarecer para que non me acusen de infiel á verdade histórica: trátase da nación de Jacaúna e de Camarão, que algúns sosteñen que era a tabaxara. Niso hai un manifesto engano. En todas as crónicas se fala das tribos de Jacaúna e Camarão como habitantes do litoral e que axudaron á fundación do Ceará, como xa axudaran á da Nova Lisboa en Jaguaribe. Pero a nación que habitaba o litoral entre Parnaíba e o Jaguaribe ou o Río Grande era a dos pitiguaras, como atesta Gabriel Soares. Os tabaxaras habitaban a serra de Ibiapaba e, xa que logo, o interior.

Como xefes dos tabaxaras son mencionados Mel Redondo, no Ceará, e Gran Diabo no Piauí. Eses xefes foron sempre inimigos irreconciliables e rancorosos dos portugueses, e aliados dos franceses do Maranhão que penetraran ata Ibiapaba. Jacaúna e Camarão son coñecidos pola súa alianza firme cos portugueses.

Con todo, o que resolve a cuestión é o seguinte texto. Pódese ler nas *Memórias diárias* da guerra brasílica do conde de Pernambuco de xaneiro do ano 1634 na páxina

18: “Polo bo comportamento con que servira A. F. Camarão, El-rei fíxoo capitán maior de todos os indios, non soamente da súa nación, **que era a pitiguar**, senón das outras residentes en varias aldeas.”

Esta autoridade, ademais de contemporánea, testemuñal, non pode ser recusada, especialmente cando se expresa de maneira tan clara e intencionada a respecto do punto dubidoso.

CARTA

Ao Dr. Jaguaribe

Aquí me ten de novo, conforme ao prometido.

Xa leu o libro e mais as notas que o acompañan; conversemos pois. Conversemos sen cerimonias, con toda familiaridade, como se cada un estivese recostado na súa hamaca, ao vaivén do lánguido balanceo que convida á doce parola.

Se algún lector curioso se puxese a escoitar, déixeo. Non mudaremos por iso o ton humilde da intimidade pola lingua florida dos salóns.

Conversemos sen máis.

Lembrarás unha noite que entrando na miña casa, hai uns catro anos, me atopaches escribindo un libro. Foi precisamente nunha época importante, pois unha nova lexislatura, filla dunha nova lei, cumpría a súa primeira sesión, e o país tiña os ollos fixos nela, como quen esperaba unha iniciativa xenerosa que mellorase a situación.

Xa estaba eu daquela bastante descrido das cousas e mais dos homes, e por iso buscaba na literatura distracción da tristeza que me infundía o estado da patria entorpecida pola indiferenza. Coidaba eu, porén, que ti, político de antigo e mellor temperamento, pouco te preocupabas coas cousas literarias, non por menosprezo senón por vocación.

A conversa que tivemos entón revelou o meu engano. Atopei un cultivador e amigo da literatura amena, e xuntos lemos algúns anacos da obra que tiña, e aínda non as perdeu, pretensións de ser un poema.

A obra é, como viches e como daquela che expuxen a grandes trazos, unha epopea que ten como asunto as tradicións dos indíxenas brasileiros e os seus costumes. Nunca se me ocorrera dedicarme a ese xénero de literatura, da que me abstiven sempre fóra dos primeiros e fugaces arroutos da xuventude. Sopórtase unha prosa mediocre se se estima a excelencia dunha idea, mais o verso mediocre é a peor menciña que se lle poida aplicar ao peor lector.

Cometín a imprudencia, cando escribía algunhas cartas sobre a *Confederação dos tamoios* de dicir: "As tradicións indíxenas dan materia para un gran poema que, talvez, algún día alguén presente sen ruído nin aparato, só como modesto froito das súas vixilias."

Isto abondou para que supuxesen que o escritor falaba de si mesmo, e que tiña xa o poema na man. Varias persoas preguntáronme por el. Isto lanzoume á aventura literaria, sen calcular as forzas precisas para empresa tan grande, que asoberbiou a dous ilustres poetas. Tracei o plan da obra e comecei con tal vigor que cheguei, case dunha sentada, ao cuarto canto.

Ese ímpeto sostívose preto de cinco meses, mais amorteceu, e voulle confesar o motivo.

Desde moi cedo, cando me comezaron os primeiros pruritos literarios, unha especie de instinto impulsaba a miña imaxinación cara á raza salvaxe e indíxena. Digo instinto porque non tiña eu entón estudos bastantes como para apreciar debidamente a nacionalidade dunha literatura. Era por simple pracer polo que me deleitaba na lectura das crónicas e das memorias antigas.

Máis tarde, discernindo mellor as cousas, lía as publicacións que saían sobre o tema indíxena. Non realizaban elas a poesía nacional que se me revelaba no estudo dos autóctonos brasileiros. Moitas pecaban do abuso de termos indíxenas acumulados uns sobre outros, o que non só rachaba a harmonía da lingua portuguesa senón que perturbaba a comprensión do texto. Outras eran primorosas no estilo e ricas en belas imaxes; porén, certa rudeza inxenua de pensamento e de expresión, que debía ter a linguaxe dos indíxenas, non aparecía por ningures.

Gonçalves Dias é o poeta nacional por excelencia. Ninguén lle disputa na opulencia da imaxinación, no fino labor do verso ou no coñecemento da natureza brasileira e dos costumes salvaxes. Nas súas poesías americanas aproveitou moitas das máis fermosas tradicións dos indíxenas, e no seu poema, non concluído, dos *Timbiras* proponse describir a epopea brasileira.

Con todo, os salvaxes do seu poema falan unha linguaxe clásica, o que lle foi censurado por outro poeta de grande estro, o Dr. Bernardo Guimarães. Eles expresan ideas propias do home civilizado, o que non é verosímil no seu estado natural.

Sen dúbida que o poeta brasileiro ten que traducir á súa lingua as ideas, malia que sexan rudas e groseiras, dos indios, mais nesa tradución está a gran dificultade. Cómpre que a lingua civilizada se adapte canto poida á sinxeleza primitiva da lingua bárbara, e que non represente as imaxes e os pensamentos dos indíxenas senón é con termos e con frases que ao lector lle parezan naturais na boca do salvaxe.

O coñecemento da lingua indíxena é o mellor criterio para a nacionalidade da literatura. El dános o verdadeiro estilo: as imaxes poéticas do salvaxe, os seus modos de pensamento, as tendencias do seu espírito e ata as menores particularidades da súa vida.

É nesa fonte na que debe beber o poeta brasileiro e dela ha de saír o verdadeiro poema nacional tal e como eu o imaxino.

Cometendo, polo tanto, grande atrevemento, aproveitei a ocasión para realizar as ideas que me deambulaban no espírito e non tiñan aínda plan fixo. A reflexión consolidounas e robusteceunas.

Na parte escrita da obra foron esas ideas baleiradas en grande abundancia. Se a investigación laboriosa das belezas nativas feita sobre imperfectos e espurios dicionarios empobrecería o espírito, a satisfacción de cultivar esas flores agrestes da poesía brasileira deleitábao. Un día, porén, fatigado da constante e continuada meditación ou análise para descubrir a etimoloxía dalgún vocábulo, asaltoume un receo:

Todo este ímprobo traballo que ás veces custaba unha soa palabra se me consideraría? Saberían que esa pebida de ouro fino fora desentrañada da profunda camada onde dorme unha raza extinta? Ou pensarían que fora atopada na superficie e traída polo vento da doada inspiración?

E, sobre ese, logo outro receo:

A imaxe ou a metáfora pulidas con tanta fatiga serían apreciadas no seu xusto valor pola maioría dos lectores? Non as xulgarían inferiores a calquera das imaxes en voga usadas na literatura moderna?

Ocórreseme un exemplo tirado deste libro. Ao guía os indíxenas chamábanlle o señor do camiño, *piguara*. A beleza da expresión salvaxe na súa tradución literal e etimolóxica paréceme ben indicadora disto. Non dicían sabedor do camiño, a pesar de ter un termo propio para iso, *coaub*, porque ese termo non expresaba correctamente a enerxía do seu pensamento. O camiño no estado salvaxe non existe, non é cousa de

saber. O camiño faise a medida que se marcha a través da selva ou do bosque, e en certa dirección. Aquel que o ten e o dá é, realmente, o señor do camiño.

Non é isto bonito? Non está aí unha xoia da poesía nacional?

Talvez haxa quen prefira a expresión rei do camiño, aínda que os indíxenas brasileiros non tivesen rei nin idea de tal institución. Outros inclinaranse pola palabra guía, como a máis simple e natural en portugués, malia non corresponder ao pensamento do salvaxe.

Agora ben, escribir un poema que debía ser extenso para correr o risco de non ser entendido, e de ser entendido non apreciado, era para desanimar o máis robusto talento, canto máis a miña mediocridade. Que facer? Encher o libro de dificultades que o tornarían máis confuso e de notas que ninguén le? Publicar a obra parcialmente para que os entendidos ditasen o veredicto literario? Darlla a ler a un círculo escollido para que emitise un xuízo ilustrado?

Todos estes medios tiñan o seu inconveniente, e todos foron rexeitados. O primeiro afeaba o libro; o segundo rompíao en anacos; o terceiro non lle aproveitaría pola cerimoniosa benevolencia dos censores. O que me pareceu mellor e máis acertado foi desviar o espírito da obra e darlle novos rumbos.

Pero non se abandona así un libro que se comezou, por malo que el sexa. Aí, nesas páxinas cheas de raspaduras e borróns, dorme a larva do pensamento que pode ser ninfa de alas douradas se a inspiración chegase a fecundar o groseiro casulo. Nas diversas pausas das súas preocupacións, o meu espírito volvía, pois, ao álbum no que están aínda incubados, e seguirán estando, preto de dous mil versos heroicos.

Conforme á benevolencia ou á severidade da miña conciencia, ás veces considéroos bonitos e dignos de veren a luz, e outras parécenme vulgares, monótonos e mesmo inferiores a canta prosa ruda teño eu estendido sobre o papel. Se o amor de pai abranda, ao final, ese rigor, non esmorece nunca, porén, o receo de “perder inutilmente o meu tempo en facer versos para mestizos”.

Nun deses vaivéns do espírito sobre a obra principiada, lembreime da experiencia *in anima prosaica.* O verso, pola súa dignidade e nobreza, non permite certa flexibilidade de expresión que, no entanto, lle acae ben á prosa máis elevada. A elasticidade da frase permitiría, entón, que se empregasen con máis clareza as imaxes

indíxenas, de xeito que non pasasen desapercibidas. Por outro lado, podería coñecerse o efecto que habería de ter o verso polo efecto que tivese a prosa.

O asunto para esta experiencia estaba atopado de antemán. Cando en 1848 volvín ver a nosa terra natal, tiven a idea de aproveitar as súas lendas e tradicións nalgunha obra literaria. Xa en S. Paulo comezara unha biografía do Camarão: a súa mocidade, a amizade heroica que o ligaba con Soares Moreno, a bravura e a lealdade de Jacaúna, aliado dos portugueses, e as súas guerras contra o célebre Mel Redondo. Aí estaba o tema. Faltáballe só o perfume que derrama sobre as paixóns do home a beleza da muller.

Sabes agora, polo tanto, o outro motivo que eu tiña para enviarche o libro: precisaba dicir todas estas cousas, contar como e por que escribín *Iracema.* E con quen mellor conversaría sobre isto que cunha testemuña do meu traballo, a única, das poucas, que respira agora os aires cearenses?

Este libro é, xa que logo, un ensaio ou, antes, unha mostra. Verás plasmadas nel as miñas ideas respecto á literatura nacional, e atoparás aí poesía enteiramente brasileira extraída da lingua dos salvaxes. A etimoloxía dos nomes das diversas localidades e de certos modos de expresión tirados da composición das palabras son de cuño orixinal.

Comprenderás que non podía eu derramar en abundancia esa riqueza no libriño agora publicado, porque ela quedaría desflorada na obra de maior importancia, a cal só tería a novidade da fábula. Mentres, hai aí de sobra para darlle materia á crítica e servir de base para o xuízo dos entendidos.

Se ao público lector lle agradase esa forma literaria, que a min me parece ter algún atractivo e novidade, entón faríase un esforzo por rematar o poema comezado, a pesar de que o verso pareza, na época actual, ter perdido a súa influencia e prestixio. Se, porén, o libro fose tachado de anticuado e tedioso ou se *Iracema* encontra a usual indiferenza, que acolle o bo e mais o malo coa mesma compracencia, cando non o silencio desdeñoso e ingrato, daquela o autor desenganarase dese xénero de literatura, como xa se desenganou do teatro, e os versos, como as comedias, pasarán ao caixón dos papeis vellos, das reliquias autobiográficas.

Despois de concluído o libro e cando o relín xa a piques de entrar no prelo, descubrín que se me escaparan algúns defectos que se poderían corrixir se non fose pola présa coa que o editei: noto algún exceso de comparacións, certa semellanza entre

algunhas imaxes e talvez desaliño no estilo dos últimos capítulos que desmerecen dos primeiros. Tamén me parece que debería conservar os nomes das localidades na súa forma actual, aínda que corrompida.

Se a obra tivese unha segunda edición, será expurgada destes e doutros defectos que lle descubran os entendidos.

Agosto de 1865

JOSÉ DE ALENCAR

© BIVIR – Asociación de Tradutores Galegos
© da tradución, Alberte González Montañés

Notas

1 (Páxina 1) [N. do T.] Palmeira que produce un froito amarelo do cal se extrae aceite. Do seu tronco fabrícase o viño de buriti.

2 (P. 2) [N. do T.] Planta da familia das palmáceas de tronco erecto e cilíndrico de ata 40 metros de altura. Con flores amarelas, as súas follas grandes producen cera empregada na industria de zapatos, cosméticos...

3 (P. 2) [N. do T.] Árbore ornamental da familia das anacardiáceas de madeira útil e casca con propiedades medicinais.

4 (P. 2) [N. do T.] Enseada próxima á Fortaleza. Véxase a nota do autor núm. 131.

5 (P. 4) [N. do A.] *Onde canta a jandaia.* Di a tradición que Ceará significa na lingua indíxena 'canto da xandaia'. *Aires do Casal, Corografía Brasílica* recolle esa tradición. O senador Pompeu no seu excelente dicionario topográfico menciona unha opinión, nova para min, segundo a que pretende facer derivar *Siará* da palabra *suia* 'caza' por cousa da abundancia de caza que se atopaba nas marxes do río. Coido que esa etimoloxía é forzada. Para designar cantidade a lingua tupí emprega a desinencia *–iba;* a desinencia *–ara* unida aos verbos designa o suxeito que exercita a acción actual e xunto aos nomes, o que ten actualmente o obxecto; por exemplo: *Coatiara* 'o que pinta', *Juçara* 'o que ten espiños'. *Ceará* é nome composto de *cemo* 'cantar forte, clamar' e *ará* 'pequena arara ou periquito'. Esa é a etimoloxía verdadeira, non só conforme coa tradición senón acorde coas regras da lingua.

[N. do T.] Ave psitaciforme común en todo o Brasil.

6 (P. 4) [N. do A.] *Iracema.* En guaraní significa 'labios de mel', de *ira* 'mel' e *tembe* 'labios'. *Tembe* na composición altérase en *ceme,* como na palabra *cemeiba.*

7 (P. 4) [N. do A.] *Jirau.* Na xangada é unha especie de estrado onde se acomodan os pasaxeiros; ás veces cóbreno con palla. En xeral, é calquera armazón elevada do chan e suspensa con troncos.

8 (P. 4) [N. do A.] *Rugitava.* É un verbo composto por min para o cal pido licenza. Filinto Elísio creou *ruidar* de ruído.

9 (P. 5) [N. do A.] *Graúna.* É un paxaro coñecido pola súa cor negra brillante. O seu nome provén da corrupción de *guira* 'paxaro' e de *una*, abreviación de *pixuna*, 'negro'.

10 (P. 5) [N. do A.] *Jati.* Pequena abella que fabrica un delicioso mel.

11 (P. 5) [N. do A.] *Ipu.* Así lle chaman aínda hoxe no Ceará a certo tipo de terra moi fértil, que forma grandes coroas ou illas no medio das gándaras ou dos sertóns, e que é procurada preferentemente para o seu cultivo. De aí deriva o nome desa comarca da provincia.

12 (P. 5) [N. do A.] *Tabajaras.* Señores das aldeas, procedente de *taba* 'aldea' e *jara* 'señor'. Esa nación dominaba o interior da provincia, especialmente a serra de Ibiapaba.

13 (P. 5) [N. do A.] *Oiticica.* Árbore frondosa moi apreciada pola deliciosa frescura que derrama a súa sombra.

14 (P. 5) [N. do T.] Froito da mangabeira; do tamaño dun limón, polposo e doce.

15 (P. 5) [N. do A.] *Gará.* Ave lacustre moi coñecida polo nome de *guará.* Penso que ese nome está corrompido da súa verdadeira orixe, que é *ig* 'auga' e *ará* 'arara': 'arara de auga'. Tamén é así chamada pola súa fermosa cor vermella.

16 (P. 5) [N. do T.] Designación común de varias especies de aves paseriformes moi populares, boas cantoras e omnívoras.

17 (P. 5) [N. do A.] *Ará.* Periquito. Os indíxenas como aumentativo adoitaban repetir a última sílaba da palabra e ás veces toda a palabra, como *murémuré* (*muré*

‘frauta’, *murémuré* ‘gran frauta’). *Arara* viña a ser, xa que logo, o aumentativo de *ará*, e significaría a especie maior do xénero.

18 (P. 5) [N. do A.] *Uru.* Cestiño que lles servía de cofre ás salvaxes para gardar os seus obxectos de máis aprecio e estima.

19 (P. 5) [N. do A.] *Crautá.* Bromelia vulgar da que se sacan fibras tan ou máis finas cás do liño.

20 (P. 5) [N. do A.] *Juçara.* Palmeira de grandes espiños que serven aínda hoxe para dividir os fíos de renda.

21 (P. 6) [N. do A.] *Uiraçaba.* Alxaba, de *uira* ‘seta’ e a desinencia *–çaba* ‘cousa propia’.

22 (P. 6) [N. do A.] *Quebrar a flecha.* Entre os indíxenas era a maneira simbólica de establecer a paz entre as diversas tribos, ou mesmo entre dous guerreiros inimigos. Desde agora advertimos que non estrañe o xeito en que o estranxeiro se expresa falando cos salvaxes; o seu perfecto coñecemento dos costumes e da lingua dos indíxenas e, sobre todo, a súa adaptación a eles ata o punto de deixar os traxes europeos e pintarse débeos Martiño Soares Moreno á influencia que adquiriu entre os indios do Ceará.

23 (P. 6) [N. do T.] Aldea dos indíxenas brasileiros.

24 (P. 6) [N. do T.] Árbore alta e copada da familia das ramnáceas. A súa cortiza é rica en saponina e serve como xabón e dentífrico.

25 (P. 6) [N. do T.] Nas comunidades indíxenas brasileiras, aquel que ten a atribución ou o suposto poder de comunicarse cos espíritos e seres non humanos. Xamán, curandeiro.

26 (P. 7) [N. do T.] Designación tupí do trono, usada polos misioneiros xesuítas para designar a Deus.

27 (P. 7) [N. do A.] *Ibiapaba.* Gran serra que se prolonga ao norte da provincia e estrema con Piauí. Significa terra achandada. O Dr. Martius no seu *Glossário* atribúelle outra etimoloxía: *ibi* ‘terra’ e *pabe* ‘todo’. Porén, a primeira ten a autoridade de Vieira.

28 (P. 7) [N. do T.] Río brasileiro que baña o Estado de Maranhão.

29 (P. 7) [N. do T.] Fariña moi granulada, de cor amarelada e feita dun tipo de mandioca.

30 (P. 7) [N. do T.] Bebida fermentada feita do froito do caxueiro espremido.

31 (P. 7) [N. do T.] Pote de barro de boca ancha para auga e outros líquidos.

32 (P. 7) [N. do A.] *Vieste?* O saúdo usual da hospitalidade era este: *Ere ioubé* 'Viñeches?', *Pa-aiotu* 'Vin, si', *Auge-be* 'Ben dito'. Véxase Lery, páxina 286.

33 (P. 8) [N. do A.] *Jaguaribe.* O maior río da provincia. Tira o nome da cantidade de xaguares que poboaban as súas marxes. *Jaguar* 'xaguar' e *–iba* 'desinencia que expresa abundancia'.

34 (P. 8) [N. do A.] *Pitiguaras.* Gran nación de indios que habitaba o litoral da provincia e se estendía desde o Parnaíba ata o Rio Grande do Norte. A ortografía do nome aparece moi viciada nas diferentes versións, polo que se volve difícil coñecer a súa etimoloxía. *Iby* significaba 'terra', *iby-tira* viña a significar 'serra' ou 'terra alta'. Aos vales os indíxenas chamábanlles *iby-tira-cua* 'cintura das montañas'. A desinencia *–jara* 'señor', acrecentada, formou a palabra *ibiticuara* que por corrupción deu *Pitiguara* 'señores dos vales'.

35 (P. 8) [N. do A.] *Martim.* Da orixe latina do seu nome, procedente de Marte, deduce o estranxeiro o significado que lle dá.

36 (P. 8) [N. do T.] Río brasileiro que lle dá nome ao Estado de Paraíba, que limita ao norte co Estado Río Grande do Norte, ao leste co Océano Atlántico, ao sur con Pernambuco e ao oeste co Ceará.

37 (P. 8) [N. do T.] Rexión do Estado Río Grande do Norte onde está a lagoa do Apodi onde habitaban os indios paiacus.

38 (P. 8) [N. do A.] *Acaraú.* O nome do río é *Acaracu*, de *acará* 'garza', *co* 'niño, buraco' e *y* 'son fronteirizo entre o *i* e o *u*, que os portugueses ora expresaban dun modo, ora doutro, e que significaba auga'. Río do niño das garzas é, pois, a tradución de

Acaracu, e río das garzas a de *Acaraú*. Botouse man aquí da liberdade horaciana para evitar nunha obra literaria, obra de gusto e artística, un son áspero e ingrato. Polo demais, quen sabe se o nome primitivo non foi realmente *Acaraú* que se alterou, coma tantos outros, pola introdución da consoante?

39 (P. 8) [N. do A.] *Mau espírito da floresta.* Os indíxenas chamaban a eses espíritos *caa-pora*, habitantes do mato, de onde por corrupción saíu a palabra *caipora*, introducida na lingua portuguesa en sentido figurado.

40 (P. 8) [N. do T.] Ave falconiforme distribuída desde Panamá ata a Arxentina.

41 (P. 9) [N. do A.] *As mais belas mulheres.* Este costume da hospitalidade americana é atestado polos cronistas. A el atribúeselle o belo trazo de virtude de Anchieta, que para fortalecer a súa castidade compuña nas praias de Iperoig o poema da *Virgindade de Maria*, cuxos versos escribía nas areas húmidas para os puír mellor.

42 (P. 9) [N. do A.] *Jurema.* Árbore mediana, de follaxe espesa; dá un froito excesivamente amargo, de cheiro acre, co que, xuntamente coas follas e outros ingredientes, preparaban os salvaxes unha bebida que tiña o efecto do haxix, e producía soños tan vivos e intensos que a persoa gozaba con eles mellor que coa realidade. A fabricación dese licor era un segredo, explorado polos paxés en proveito da súa influencia. *Jurema* é un composto de *ju* 'espiño' e *rema* 'cheiro desagradable'.

43 (P. 9) [N. do A.] *Irapuã*. De *ira* 'mel' e *apuam* 'redondo'. É o nome que se lle dá a unha abella virulenta e brava por cousa da forma redonda da súa colmea. Por corrupción reduciuse o nome actualmente a *arapuá.* O guerreiro do que se trata aquí é o célebre Mel Redondo, así chamado polos cronistas da época que traduciran o seu nome ao pé da letra. Mel Redondo, xefe dos tabaxaras da serra de Ibiapaba, foi un encarnizado inimigo dos portugueses ao tempo que amigo dos franceses.

44 (P. 9) [N. do A.] *Estrela morta.* Trátase da estrela polar, chamada así por cousa da súa inmobilidade. Os salvaxes orientábanse por ela durante a noite.

45 (P. 10) [N. do A.] *Boicininga.* É a cobra cascabel, de *boia* 'cobra' e *cininga* 'chocallo'.

46 (P. 10) [N. do A.] *Oitibó.* É unha ave nocturna semellante á curuxa.

47 (P. 10) [N. do T.] Estoraque. Arbusto que produce unha resina odorífera moi empregada en perfumaría.

48 (P. 10) [N. do T.] *Galo-da-campina*; cardeal. Ave paseriforme espallada por todo o Brasil. Xeralmente é negra ou branca e adoita ter a cabeza ou outras partes do corpo encarnadas.

49 (P. 10) [N. do A.] *Espíritos das trevas.* A eses espíritos os salvaxes chamábanos *curupira* 'nenos malos', de *curumim* 'neno' e *pira* 'malo'.

50 (P. 10) [N. do A.] *Boré.* Frauta de bambú; o mesmo que *muré.*

51 (P. 10) [N. do A.] *Ocara.* Praza circular que se atopaba no centro da taba, cercada pola estacada, e para a que daban todas as casas. Termo composto de *oca* 'casa' e a desinencia –*ara* 'que ten': 'aquilo que ten casa', ou 'onde a casa está'.

52 (P. 10) [N. do A.] *Potiguara.* Comedor de camaróns; de *poty* e *uara.* Este nome (*potiguara*) dábanllelo os inimigos aos pitiguaras, que habitaban nas praias e vivían en boa parte da pesca. Algúns escritores puxéronlles este nome aos pitiguaras porque o recibiron dos seus inimigos.

53 (P. 11) [N. do T.] Alcume desprezativo que os brasileiros aplicaban aos portugueses e aos forasteiros en xeral.

54 (P. 11) [N. do T.] Arma ofensiva, especie de maza, que empregaban os indios americanos.

55 (P. 11) [N. do T.] Ave tinamiforme propia de Sudamérica e desprovista de rabo.

56 (P. 11) [N. do A.] *Pocema.* Grande alarido que daban os salvaxes nas ocasións solemnes, como no comezo da batalla ou nas demostracións de alegría. A palabra foi acollida na lingua portuguesa e inserida no dicionario de Morais. Provén de *po* 'man' e *cemo* 'clamar': 'clamor das mans', porque os indíxenas acompañaban o berro co bater das palmas e das armas.

57 (P. 11) [N. do A.] *Andira.* Morcego. Aludindo ao seu nome, Irapuá diríxelle logo palabras de desprezo ao vello guerreiro.

58 (P. 11) [N. do T.] Bebida preparada coa mandioca cocida e fermentada.

59 (P. 11) [N. do T.] Frauta indíxena, feita da tibia dos animais ou dos inimigos.

60 (P. 12) [N. do A.] *Aracati.* Significa este nome bo tempo, de *ara* e *catu.* Os salvaxes do sertón chamábanlles así ás brisas do mar que sopran regularmente á tardiña e, correndo polo val do Jaguaribe, se espallan polo interior e refrescan da calma abrasadora do verán. De aí chamóuselle *Aracati* ao lugar de onde viña o monzón. Aínda hoxe no Icó consérvase o nome para designar a brisa da tarde que sopra do mar.

61 (P. 14) [N. do A.] *Aflavam.* Sobre este verbo que introducín na lingua portuguesa, procedente do latín *aflo*, xa escribín o que entendía nunha nota da segunda edición da *Diva*, que brevemente verá a luz.

[N. do T.] Soprar, bafexar.

62 (P. 14) [N. do A.] *Anhangá.* Os indíxenas dábanlle este nome ao espírito do mal; componse de *anho* 'só' e *angá* 'alma'. Espírito só, privado de corpo, fantasma.

63 (P. 15) [N. do T.] Planta da familia das euforbiáceas. Do seu talo extráese unha substancia purgante.

64 (P. 15) [N. do T.] Talvez faga referencia ao *guará*, ave cicónida propia da América do Sur.

65 (P. 15) [N. do T.] Trompeta guerreira dos indios tupi-guaranís.

66 (P. 17) [N. do T.] Designación común a varias especies de aves columbiformes distribuídas por todo o Brasil.

67 (P. 17) [N. do T.] Árbore da familia das leguminosas de madeira moi útil.

68 (P. 17) [N. do A.] *Camucim.* Vaso onde encerraban os indíxenas os corpos dos mortos e que lles servía de túmulo. Outro din *camotim*, se cadra con mellor ortografía, porque, se non me engano, o nome é corrupción da frase *co* 'buraco', *ambira*

‘defunto’, *anhotim* ‘enterrar’: ‘buraco para enterrar o defunto’, *c’am’otim.* O nome dábaselle tamén a calquera pote.

69 (P. 18) [N. do A.] *Guabiroba.* Debe lerse *Andiroba.* Árbore que dá un aceite amargo.

70 (P. 18) [N. do A.] *Cabelos do sol.* En tupí *guaraciaba.* Así era como chamaban os indíxenas aos europeos que tiñan os cabelos louros.

71 (P. 18) [N. do T.] Rama seca de piñeiro.

72 (P. 19) [N. do A.] *Moquém.* Do verbo *mocáem* ‘asar na labarada’. Era o xeito que tiñan os indíxenas de conservar a caza para que non podrecera cando a levaban de viaxe. Nas chozas tíñana no fumeiro.

73 (P. 19) [N. do A.] *Señor do caminho.* Así chamaban os indíxenas ao guía: *piguara,* de *py* ‘camiño’ e *guara* ‘señor’.

74 (P. 19) [N. do A.] *O dia vai ficar triste.* Os tupís chamaban a tarde *caruca,* segundo o dicionario. Segundo Lery, *che caruc acy* significa ‘estou triste’. Cal destes era o sentido figurado da palabra? Tiraron a imaxe da tristeza da sombra da tarde ou, pola contra, a imaxe do crepúsculo da turbación do espírito?

75 (P. 20) [N. do A.] *Jurupari.* Demo. De *juru* ‘boca’ e *apara* ‘torto, aleixado’: ‘o boca torta’.

76 (P. 20) [N. do A.] *Ubaia.* Froita coñecida da especie “euxenia”. Significa froita saudable; de *uba* ‘froita’ e *aia* ‘saudable’.

77 (P. 20) [N. do T.] Arbusto da familia das mirtáceas de froito moi prezado.

78 (P. 21) [N. do A.] *Jandaia.* Este nome, que aparece escrito de diversas maneiras (*nhendaia, nhandaia*) e en todas alterado, é unicamente un adxectivo cualificativo procedente do substantivo *ará.* Deriva das palabras *nheng* ‘falar’, *antan* ‘duro, forte, áspero’ e *ara* ‘desinencia verbal que expresa o axente’: nh’ant’ara. Substituído o *t* por *d* e o *r* por *i*, tornouse *nhandaia* de onde *jandaia,* que se debe traducir por “periquito grallador”. Do canto desta ave, como se viu, procede o nome de Ceará, segundo a etimoloxía que lle dá a tradición.

79 (P. 21) [N. do T.] Ave nocturna especie de curuxa.

80 (P. 21) [N. do A.] *Inhuma.* Ave nocturna palamedeiforme. A especie da que se fala aquí é a *palamedea chavaria,* que canta regularmente á media noite. A ortografía máis correcta creo que debe ser *anhuma,* talvez de *anho* 'só' e *anum* 'ave agoireira coñecida'. Significaría, entón, *'anum solitario',* así chamado pola semellanza do grito desagradable co son que emite.

81 (P. 22) [N. do T.] Gran raíz tubular que cerca a base de moitos troncos de moitas árbores.

82 (P. 23) [N. do A.] *Inúbia.* Trompeta de guerra. Os indíxenas, segundo Lery, tíñanas tan grandes que chegaban a medir moitos palmos no diámetro da abertura.

83 (P. 23) [N. do A.] *Guará.* Can salvaxe, lobo brasileiro. Esta palabra provén do verbo *u* 'comer' do cal se forma co relativo *g* e a desinencia *–ara* o verbal *g-u-ara* 'comedor'. A sílaba final longa é a partícula prepositiva *ã* que serve para reforzar a palabra.

84 (P. 24) [N. do A.] *Jibóia.* Cobra coñecida. De *gi* 'machado' e *boia* 'cobra'. O nome sae da maneira en que esta serpe lanza o ataque, semellante ao golpe do machado. Podería traducirse ben por 'cobra de ataque'.

85 (P. 24) [N. do A.] *Sucuri.* A serpe xigante que habita nos grandes ríos e pode engulir un boi. De *suu* 'animal' e *cury* ou *curu* 'roncador'. 'Animal roncador' porque, de feito, o ronquido da sucuri é pavoroso.

86 (P. 24) [N. do A.] *Se é que tens sangue e non mel.* Alusión que fai o vello Andira ao nome de Irapuá, o cal, como xa se dixo, significa mel redondo.

87 (P. 24) [N. do T.] Mamífero carnívoro mustélido semellante á lontra. Tamén chamado Ariraña.

88 (P. 24) [N. do A.] *Ouve seu trovão.* Todo este episodio do ruxido da terra é unha argucia, como adoito empregaban os paxés e os sacerdotes de toda a nación salvaxe para impresionaren a imaxinación do pobo. A choupana estaba asentada sobre un rochedo onde había unha galería subterránea que comunicaba coa varcia por unha

abertura estreita. Araquén tivera bo coidado de tapar con grandes pedras as dúas aberturas para agocharlles a gruta aos guerreiros. Nesa ocasión a fenda inferior estaba aberta e o paxé sabíao; abrindo a fenda superior, o ar encanouse polo antro en espiral producindo un estrondo aterrador, do que nos podemos facer unha idea co rumor da buguina. O feito é, xa que logo, natural; a aparencia, certamente, marabillosa.

89 (P. 25) [N. do A.] *Abati n'água. Abati* 'arroz'. Iracema sérvese da imaxe do arroz, que só medra vizoso na terra anegada, para expresar a súa alegría.

90 (P. 28) [N. do T.] Mamífero desdentado que se alimenta fundamentalmente de térmites. Papaformigas.

91 (P. 28) [N. do A.] Gabián.

92 (P. 30) [N. do T.] Animal anfibio do tamaño dun puño moi voraz. Sapo boi, sapo cornudo.

93 (P. 31) [N. do A.] *Ubiratã. Pau-ferro*;de *ubira* 'pau' e *antan* 'duro',

[N. do T.] Árbore da familia das leguminosas de madeira extremadamente dura.

94 (P. 32) [N. do A.] *Maracajá.* Gato salvaxe.

95 (P. 32) [N. do A.] *Caititus.* Porco do mato, especie de xabaril brasileiro. De *caeté* 'mato grande e virxe' e *suu* 'caza', mudado o *s* en *t* na composición pola eufonía da lingua: 'caza do mato virxe'.

96 (P. 32) [N. do A.] *Jaguar*. Vimos que *guará* significa voraz. Xaguar ten, incuestionablemente, a mesma etimoloxía. É o verbal *guara* e o pronome *ja* 'nós'. Xaguar era, pois, para os indíxenas, todo aquel animal que os devoraba. O gran devorador.

97 (P. 33) [N. do A.] *Acauã.* Ave inimiga das cobras; de *caa* 'pau' e *uan*, do verbo *u* 'comer': 'que come pau'.

98 (P. 34) [N. do A.] *Saí.* Fermoso paxaro azul.

99 (P. 35) [N. do A.] *À cintura da virgem.* Os indíxenas chamaban a amante posuída *aguaçaba*, de *aba* 'home', *cua* 'cintura' e *çaba* 'cousa propia': 'a muller que o home cingue ou achega á cintura'. Queda, xa que logo, ben claro o pensamento de Iracema.

100 (P. 35) [N. do A.] *Carioba.* Camisa de algodón. De *cary* 'branco' e *oba* 'roupa'. Tiña tamén a *araçóia*, de *arara* e *oba* 'vestido de plumas de arara'.

101 (P. 36) [N. do A.] *Jaci.* A lúa. De *já* 'pronome nós' e *cy* 'nai'. A lúa marcaba o mes para os indíxenas, e o seu nacemento era sempre festexado por eles.

102 (P. 37) [N. do A.] *Fogos da alegria.* Os salvaxes chamábanlle *tory* 'fachos ou fogos' e *toryba* 'alegria' á festa, á grande abundancia de fachos.

103 (P. 37) [N. do T.] Peixe teleósteo distribuído por todo o Brasil.

104 (P. 37) [N. do T.] Mamífero roedor, vexetariano, distribuído por case toda a rexión cisandina.

105 (P. 37) [N. do A.] *Bucã.* É unha especie de grella que os indíxenas facían para asar a caza; de aí provén o verbo francés *boucaner.* A palabra é da lingua tupí.

106 (P. 40) [N. do T.] Pequeno mamífero roedor brasileiro que se alimenta de froitos e sementes caídas das árbores.

107 (P. 40) [N. do A.] *Abaeté.* Varón insigne; de *aba* 'home' e *eté* 'forte, egrexio'.

108 (P. 41) [N. do T.] Ave tinamídea propia do Brasil de ás negras con franxas amarelas, barriga amarelada e pescozo posterior avermellado.

109 (P. 41) [N. do T.] Ñandú. Ave semellante á avestruz típica da América do Sur.

110 (P. 42) [N. do A.] *Jacaúna.* Xacarandá negro, de *jaca* 'abreviación de xacarandá' e *una* 'negro'. Este Xacaúna é o célebre xefe amigo de Martiño Soares Moreno.

111 (P. 42) [N. do A.] *Cuandu* Porco espiño.

112 (P. 43) [N. do A.] *Seu colar de guerra.* O colar que os salvaxes facían dos dentes dos inimigos vencidos era un brasón e un trofeo que indicaba valentía.

113 (P. 44) [N. do A.] *Japi.* Significa 'o noso pé', do pronome *ja* 'nós' e *py* 'pé'.

114 (P. 44) [N. do T.] O maior dos roedores do mundo. Hábil nadador, vive nas marxes dos ríos en bandos.

115 (P. 44) [N. do A.] *Ibiapina.* De *iby* 'terra' e *apino* 'rapar, tosquiar'.

116 (P. 44) [N. do A.] *Jatobá.* Grande árbore real. O lugar da escena é o sitio da actual Vila Viçosa, onde di a tradición que naceu o xefe pitiguara.

117 (P. 46) [N. do T.] Froito da ateira, arbusto da familia das anonáceas que dá deliciosos froitos con polpa doce e delicada.

118 (P. 46) [N. do A.] *Meruoca.* De *meru* 'mosca' e *oca* 'casa'. Serra xunto a Sobral, fértil en alimentos.

119 (P. 47) [N. do T.] Voitres.

120 (P. 47) [N. do A.] *Uruburetama.* 'Patria ou niño de urubus'. Serra bastante alta.

121 (P. 47) [N. do A.] *Mundaú.* Río moi tortuoso que nace na serra de Uruburetama. De *mundé* 'emboscada' e *hu* 'río'.

122 (P. 47) [N. do A.] *Potengui.* Río que rega a cidade natal de onde era fillo Soares Moreno.

123 (P. 47) [N. do T.] Peixe da costa norte do Brasil que pode chegar a medir dous metros e que adoita penetrar nos estuarios dos grandes ríos seguindo as mareas.

124 (P. 47) [N. do A.] *As saborosas traíras.* É o río Trairi, a trinta leguas ao norte da capital. De *traíra* 'peixe' e *y* 'río'. Hoxe é unha poboación e distrito xudicial.

125 (P. 48) [N. do T.] *Uraçá.* Talvez de *uruá* ou *aruá¸* que é unha especie de caramuxa propia do Brasil.

126 (P. 48) [N. do A.] *Soipé.* País de caza. De *sôo* 'caza' e *ipé* 'lugar onde'. Hoxe dise Suipé, río e poboación pertencente á freguesía e ao termo da Fortaleza, situada á marxe dos terreos alagados chamados Jaguaruçu na desembocadura do río.

127 (P. 48) [N. do T.] Ave propia do Brasil que se alimenta, sobre todo, de froitas e follas.

128 (P. 48) [N. do A.] *Pacoty.* Río das bananas. Nace na serra de Baturité e morre no océano dúas leguas ao norte de Aquirás.

129 (P. 48) [N. do A.] *Iguape.* Enseada que dista dúas leguas de Aquirás. De *ig* 'auga', *cua* 'cintura' e *ipé* 'onde'.

130 (P. 48) [N. do A.] *Río que forma un braço de mar.* É o Parnaíba, río do Piauí. Vén de *pará* 'mar', *nhanhe* 'correr' e *hyba* 'brazo': 'brazo corrente do mar'. Xeralmente dise que *pará* significa río e *paraná* mar; é totalmente o contrario.

131 (P. 48) [N. do A.] *Mocoribe.* Outeiro de area na enseada do mesmo nome, a unha legua de Fortaleza. Dise hoxe Mocoripe. Vén de *corib* 'alegrar' e *mo* partícula ou abreviatura do verbo *monhang* 'facer', que se xunta aos verbos neutros e mesmo activos para darlles significación pasiva; ex.: *caneon* 'aflixirse', *mocaneon* causarlle a alguén aflición'.

132 (P. 48) [N. do T.] *Jaçanã.* Ave distribuída por todo o Brasil.

133 (P. 49) [N. do A.] *Brancos tapuias.* En tupi *tapuitinga,* nome que os pitiguaras lles daban aos franceses para diferencialos dos tupinambas. *Tapuia* significa bárbaro, inimigo; de *taba* 'aldea' e *puir* 'fuxir': 'os fuxidos da aldea'.

134 (P. 49) [N. do A.] *Mairi.* Cidade. Talvez proveña o nome de *mair* 'estranxeiro', e fose aplicado aos poboados dos brancos en oposición ás tabas dos indios.

135 (P. 50) [N. do A.] *Batuireté.* Narcexa ilustre; de *batuira* e *eté.* Apelido que tomara o xefe pitiguara e que na linguaxe figurada quería dicir valente nadador. É o nome dunha serra moi fértil e da comarca que ela ocupa.

[N. do T.] Narcexa. Ave de pata alta e peteiro cilíndrico semellante ao mazarico.

136 (P. 50) [N. do A.] *Suas estrelas eram muitas.* Os indíxenas contaban os anos polo nacemento das pléiades no oriente. Tamén adoitaban gardar unha castaña de caxu de cada estación da froita para marcar a idade.

137 (P. 50) [N. do A.] *Jatobá.* Árbore frondosa, talvez de *jetahy,oba* 'folla' e *a* 'aumentativo': 'de gran copa'. É o nome dun río e dunha serra en Santa Quitéria.

138 (P. 51) [N. do A.] *Quixeramobim.* Segundo o Dr. Martius debe traducirse por esa expresión de saudade. Componse de *Qui* 'ah!', *xere* 'meus' e *amôbinhê* 'outros tempos'.

139 (P. 51) [N. do A.] *Caminho das garças.* En tupí *Acarape*, poboación na freguesía de Baturité, a nove leguas da capital.

140 (P. 51) [N. do A.] *Maranguab.* A serra de Maranguape, a cinco leguas da capital, é notable pola súa fertilidade e fermosura. O nome indíxena componse de *maran* 'guerrear' e *coaub* 'sabedor'. *Maran* talvez sexa abreviación de *maramonhang* 'facer a guerra' se non é, como eu penso, o substantivo simple 'guerra', do que derivou o verbo composto. O Dr. Martius ofrece unha etimoloxía distinta. *Mara* 'árbore', *angai* 'de ningunha maneira' e *guabe* 'comer'. Esta etimoloxía non me parece adecuada para o obxecto, unha serra, nin conforme cos preceptos da lingua.

141 (P. 51) [N. do A.] *Pirapora.* Río de Maranguape, notable pola frescura das súas augas e pola excelencia dos baños chamados de Pirapora no lugar das cachoeiras. O nome provén de *Pira* 'peixe' e *pore* 'salto': 'salto do peixe'.

142 (P. 51) [N. do T.] Tipo de cegoña brasileira que se alimenta de peixes, vive en bandos e constrúe niños colectivos.

143 (P. 51) [N. do T.] Froito do xenipapeiro do que se extrae un licor moi popular.

144 (P. 51) [N. do A.] *O gavião branco.* Batuireté chama deste xeito ao guerreiro branco, ao tempo que trata o neto como garza ou mazarico. El profetiza, nese paralelismo, a destrución da súa raza pola raza branca.

145 (P. 52) [N. do T.] Herba da familia das aráceas orixinaria da América tropical e cultivada como alimento.

146 (P. 52) [N. do T.] Tamén chamados *periquitinhos.* Aves da familia dos periquitos pero algo máis pequenos.

147 (P. 52) [N. do T.] Véxase a nota 69.

148 (P. 52) [N. do A.] *Porangaba.* Significa beleza. É unha lagoa que está a unha legua da cidade nun sitio apracible. Hoxe chámanlle Arronches e nas súas beiras está a decadente poboación do mesmo nome.

149 (P. 53) [N. do A.] *Jereraú.* Río dos parrulos. De *jerere* ou *irerê* 'parrulo' e *hu* 'auga'. Este lugar aínda hoxe é notable polas súas froitas, especialmente as belas laranxas coñecidas como *laranxas de Jereraú.*

150 (P. 53) [N. do A.] *Sapiranga.* Lagoa no sitio Alagadizo Novo, a preto de dúas leguas da capital. O nome indíxena significa ollos vermellos, de *ceça* 'ollos' e *piranga* 'vermellos'. Ese mesmo nome danllo usualmente no norte a certa inflamación ocular.

151 (P. 53) [N. do T.] Buritis. Véxase a nota 1.

152 (P. 53) [N. do A.] *Muritipuá.* De *muriti* 'nome da palmeira máis vulgarmente coñecida por buriti' e *apuã* 'illa'. Aldea no mesmo sitio referido.

153 (P. 53) [N. do T.] Periquito.

154 (P. 53) [N. do A.] *Aratanha.* De *arara* 'ave' e *tanha* 'bico'. Serra moi fértil e cultivada a continuación da de Maranguape.

155 (P. 53) [N. do A.] *Guaiúba.* De *goaia* 'val', *y* *'auga'*, *jur* 'vir' e *be* 'por onde': 'por onde veñen as augas do val'. Río que nace na serra da Aratanha e cruza a poboación do mesmo nome a seis leguas da capital.

156 (P. 53) [N. do A.] *Pacatuba.* De *paca* e *tuba*, leito ou couto das pacas. Trátase dunha recente pero importante poboación situada nun fermoso val da serra da Aratanha.

157 (P. 54) [N. do T.] *Crajuru.* Caraxuru. Planta da que se extrae unha tinta vermella. Tamén é o nome da tinta.

158 (P. 54) [N. do T.] *Angico.* Árbore da familia das leguminosas de madeira moi útil.

159 (P. 54) [N. do A.] *Âmbar.* As praias do Ceará eran naquel tempo abondosas en ámbar que o mar guindaba. Os indíxenas chamábanlle *pira repoti* 'esterco de peixe'.

160 (P. 55) [N. do A.] *Coatiá.* Pintar. A historia menciona o feito de que Martiño Soares Moreno se pintara mentres vivía entre os salvaxes do Ceará.

161 (P. 56) [N. do A.] *Coatiabo*. A desinencia *–abo* fai referencia ao obxecto que sufriu a acción do verbo, e talvez proveña de *aba* 'xente, criatura'.

162 (P. 56) [N. do T.] Chapeu feito con plumas e especie de saia trenzada con plumas.

163 (P. 57) [N. do A.] *Colibrí...* Dese letargo do colibrí no inverno fala Simón de Vasconcelos.

164 (P. 57) [N. do A.] *Carbeto.* Especie de serán que facían os indios á noite nunha gran choza e onde todos se reunían para conversar. Léase o libro de Ives d'Evreux, *Viagem ao Norte do Brasil.*

165 (P. 57) [N. do A.] *Tupinambá.* Nación formidable, póla primitiva da gran raza tupí. Despois dunha resistencia heroica, e ao non poderen expulsar os portugueses do Estado da Bahia, emigraron ata o Maranhão onde se aliaron cos franceses, que xa daquela inzaban aquelas paraxes. O nome que eles se daban significa 'xente parente dos tupís' de *tupi-anama-aba.*

166 (P. 60) [N. do T.] *Goiamum.* Crustáceo semellante ao cangrexo, de cor azulada. A súa cuncha pode chegar a medir 11 cm, e ata 30 cm a pinza maior.

167 (P. 61) [N. do A.] *Mocejana.* Lagoa e poboación a dúas leguas da capital. O verbo *cejar* significa 'abandonar'; a desinencia *–ana* indica a persoa que exercita a acción do verbo. *Cejana* significa 'o que abandona'. Ao xuntarlle a partícula *mo* do verbo *monhang* 'facer', a palabra vén a significar 'o que fixo abandono' ou 'o que tivo lugar e ocasión de abandonar'.

168 (P. 61) [N. do T.] Froito da pitangueira, arbusto que medra preto do mar.

169 (P. 61) [N. do A.] *Monguba.* Árbore que dá un froito cheo de lanuxe, semellante ao da sumaúma, pero coa diferenza de que é negro. De aí procede o nome dunha parte da serra de Maranguape, onde ten un establecemento rural o tenente coronel João Franklin de Alencar.

170 (P. 62) [N. do A.] *Imbu.* Froita da serra do Araripe que non existe no litoral. É saborosa e semellante ao caxá.

171 (P. 63) [N. do A.] *Jacarecanga.* Outeiro de area na praia do Ceará, afamado pola fonte de auga fresca purísima que ten. O nome vén de *jacaré* 'crocodilo' e *acanga* 'cabeza'.

172 (P. 63) [N. do T.] Árbore frondosa da familia das leguminosas.

173 (P. 64) [N. do T.] Arbusto da familia das mirtáceas e o seu froito. Véxase a nota 76.

174 (P. 64) [N. do T.] *Cajueiro.* Árbore da familia das anacardiáceas da que se extrae o caxu co cal se preparan doces e bebidas.

175 (P. 65) [N. do T.] Véxase a nota 9.

176 (P. 65) [N. do A.] *Japim.* Paxaro dourado con zonas negras e coñecido vulgarmente co nome de *sofrê.*

177 (P. 65) [N. do T.] Rexión do Estado do Ceará.

178 (P. 65) [N. do A.] *Folla escura.* A mirta, que os indíxenas chamaban *capixuna*, de *caa* 'rama, follaxe' e *pixuna* 'escuro'. De aí vén a figura que emprega Iracema para expresar a tristeza que ela produce no esposo.

179 (P. 66) [N. do A.] *Macaratim.* Gran barco que levaba na proa unha maraca (*tim*). Aos barcos menores ou canoas chamábanlles *igara,* de *ig* 'auga' e *jara* 'señor': 'señora da auga'.

180 (P. 66) [N. do A.] *Baía dos papagaios.* É a baía da *Jericoacoara,* de *jeru* 'papagaio', *cua* 'varcia' e *coara* 'buraco ou enseada': 'enseada da varcia dos papagaios'. É un dos bos portos do Ceará.

181 (P. 67) [N. do T.] Véxase a nota 70.

182 (P. 67) [N. do A.] *Caiçara.* De *cai* 'pau queimado' e a desinencia –çara 'cousa que ten ou da que se fai': 'o que se fai de pau queimado'. Era unha forte estacada feita de esteos fincados a moi pouca distancia uns doutros.

183 (P. 68) [N. do A.] *Moacir.* Fillo do sufrimento. De *moaci* 'dor' e *–ira* desinencia que significa 'saído de'.

184 (P. 68) [N. do T.] Canela-sasafrás. Árbore da familia das lauráceas de madeira utilizable como canela e por destilación produce un aceite moi empregado en perfumaría.

185 (P. 68) [N. do T.] Animal carnívoro mustélido tamén chamado papamel.

186 (P. 68) [N. do A.] *Faixa.* É o que chaman vulgarmente *tipóia*; rexeitouse o termo propio do texto por estar degradado no estilo vulgar.

[N. do T.] *Tipóia*. Ademais de 'chal ou tira de pano' esta palabra ten un uso vulgar co significado de 'muller ordinaria ou desprezable'.

187 (P. 69) [N. do A.] *Chupou tua alma.* Bebé en tupí é *pitanga,* de *piter* 'chuchar' e *anga* 'alma': 'chucha a alma'. Sería porque os nenos atraen e deleitan a quen os ven? Ou porque absorben unha porción da alma dos pais? Caubi fala nese último sentido.

188 (P. 71) [N. do A.] *Carimã.* Un coñecido preparado de mandioca. De *caric* 'correr' e *mani* 'mandioca': 'mandioca escorrida.

189 (P. 72) [N. do A.] *Tauape.* Lugar de barro amarelo: de *tauá* e *ipé.* Queda no camiño de Maranguape.

190 (P. 72) [N. do A.] *Piau.* Peixe que lle deu o nome ao río Paiuí.

191 (P. 72) [N. do A.] *Velha taba.* Tradución de *tapui-tapera*, que era como se chamaban algunhas das construcións dos tupinambás no Maranhão.

192 (P. 72) [N. do A.] *Itaoca.* Casa de pedra, fortaleza.

193 (P. 73) [N. do T.] Anguía eléctrica.

194 (P. 73) [N. do T.] *Jetica.* Pataca doce. Tubérculo moi usado na alimentación.

195 (P. 73) [N. do A.] *Manacá.* Linda flor. Véxase o que di ao respecto o Sr. Gonçalves Dias no seu dicionario.

[N. do T.] Arbusto da familia das solanáceas cuxo froito é unha baga verde moi aromática.

196 (P. 74) [N. do A.] *Cupim.* Insecto moi coñecido. O nome componse de *co* ‘burato’ e *pim* ‘aguillón’.

[N. do T.] Térmite.

197 (P. 75) [N. do T.] Véxase a nota 134.

198 (P. 75) [N. do T.] Alencar emprega, por primeira vez na obra, o nome de Poti xa traducido ao portugués.

199 (P. 75) [N. do A.] *Albuquerque.* Jerônimo de Albuquerque, xefe da expedición ao Maranhão en 1612.